

Comeza a humanización de Paradai e a obra da pasarela do centro de saúde de San Roque

O Goberno local segue apostando pola mellora das infraestruturas para dar solución a diferentes zonas nas que a veciñanza amosa o seu malestar. Así, xa está en marcha a construción da pasarela do centro de saúde, unha obra moi demandada, á que se suma tamén a renovación da parte inferior da rúa Río Sil, poñendo fin a un dos puntos negros de Lugo no tocante a tráfico e a estética, e a humanización conxunta de todo o barrio de Paradai coa creación dunha nova zona de descanso que contará cun pequeno percorrido peonino-continuo e unha gran árbore. **Pax. 19**

Chega a maxia do Nadal

A cidade de Lugo prepárase para a chegada das festas co alumeado colocado e funcionando e co programa pendente da evolución da covid



Chega decembro e con el unha das tempadas máis tradicionais, nas que se engalanan todas as cidades e as rúas con alumeados do máis diverso. Esta época tamén conta con estensas e variadas actividades para nenos e maiores, así como a tradicional Cabalgata de Reis que este ano contará con 15 espectáculos novidosos que animarán o percorrido dos Magos pola cidade o vindeiro 5 de xaneiro, sempre e cando o permita a covid. E co Nadal chegan tamén os desexos para o próximo ano dos lugueses, que recolleemos nunha ampla reportaxe. **Pax. 2-3**

cultura. Lugo convoca o Arde Lucus 2022 entre o 9 e o 12 de xuño. **Pax. 5**

entrevista. Coñece a Paloma Lugilde, directora, actriz e docente. **Pax. 10**

sociedade. Entregadas as Medallas de Ouro aos heroes da pandemia. **Pax. 13**


infraestructuras. Instalan paneis con lendas no barrio da Ponte. **Pax. 18**

zona rural. Un castiñeiro foi incorporado ao Catálogo de árbores senlleiras. **Pax. 21**

deportes. A XVIII Carreira Popular Lugo Monumental abre as inscricións. **Pax. 30**


entrevista. Falamos con Bibi Bouza, presidenta do Emevé. **Pax. 31**

Unha mostra unida ao Combate Mural



Chega ao MIHL a exposición Cartela B. **Pax. 5**

O noso mercado é un agasallo



Volve a campaña para incentivar o consumo local. **Pax. 13**

Un decembro para público infantil



A biblioteca Nodal terá programación especial. **Pax. 15**

O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou o orzamento para o vindeiro ano 2022, uns presupostos pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando

a recuperación económica da provincia en colaboración cos concellos e co tecido social e económico. Para elo reforzaron as catro grandes liñas de actuacións marcadas dende o inicio do mandato. **Pax. 22**

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

VA VEIGUELA ABOGADOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO CIVIL, HERENCIAS, SUCESIONES, DONACIONES, PACTOS DE MEJORA

PLANIFICA TU HERENCIA EN VIDA

AHORRA BENEFICIÁNDOTE DE IMPORTANTES VENTAJAS FISCALES

1ª CONSULTA GRATUITA
Llámanos: **982 228 606**

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. **982 228 606**

veiguelabogados **f** veiguela abogados

A FONDO

Os desexos dos lucenses para o 2022

A cidade prepárase para vivir o Nadal e mentres espera a programación que permita a covid, formula xa os propósitos para o ano

Despois de moitos meses de esforzo colectivo e dunha vacina que permite recuperar un pouco a normalidade, os lucenses seguen a pedir desexos e marcar propósitos de cara ao novo ano.

Entre os propósitos persoais máis repetidos están o de comer de maneira máis saudable, facer deporte, aforrar, mercar un coche novo e estar coa familia. Sendo, este último, o máis desexado por todos co fin de recuperar o tempo perdido durante este período. A maioría dos lucenses coinciden en que a pandemia e os meses posteriores serviron para aprender a valorar o realmente importante ademais de coñecerse a un mesmo.

En canto a cidade de Lugo, durante este ano víronse multitude de progresos e reformas que teñen como obxectivo facilitar a vida dos lucenses. Entre os cambios máis recentes pódense destacar a mellora no alumeadado da contorna da Avenida das Américas, o carril bici da cidade, o acondicionamento de estradas provinciais, o aumento de autobuses urbanos, etc. Malia que para os lucenses isto non é suficiente xa que teñen outros moitos desexos para a mellora da cidade de cara ao 2022.

OS PROPÓSITOS DOS LUCENSES.

Edgar, estudante de maxisterio sinala que para el sería de gran agrado que o vindeiro ano se acondicionara o pavimento das Casas Vellas na zona das Gándaras considerando a situación actual como un risco para a seguridade dos ci-



Á esquerda, a tradicional árbore que se coloca na praza Maior, e, á dereita, o Apalpador antes da pandemia e os Reis Magos do ano pasado



dadáns. Ademais, tamén apunta que sería interesante poñer puntos de luz entre a Avenida Infanta Elena e o Centro Comercial As Termas. “Ir camiñando en situacións de escuridade poden ser realmente perigosas para os viandantes”.

María e Patricia dúas veciñas da cidade piden un aumento en canto a infraestruturas, xa que María ve necesario un incremento no número de instalacións deportivas

na cidade. Son moitos os deportes que se practican compartindo instalacións. Por outra banda, Patricia solicita maior número de parques para cans ou que se acondicionen os existentes xa que na actualidade a cidade conta con catro canils distribuídos por distintas zonas e tan só dous manteñen unhas condicións óptimas e seguras para os animais.

Esperanza, veciña da zona da Che-

da en recorda a cidade con máis número de papeleiras e destaca que a medida que pasa o tempo este tipo de contedores van desaparecendo fomentando que o chan das rúas sexa un vertedoiro de lixo. Polo que lle pide ao 2022 que recupere este tipo de utensilios que facilitan o mantemento da cidade.

Teresa, veciña da zona das Gándaras desexa que o novo ano devol-

va as antigas rutas dos autobuses urbanos, xa que coas novas liñas a conexión entre esta zona de Lugo e o centro da cidade é case imposible de realizar. Lamenta a xestión por parte do Goberno Local sentíndose abandonada polo transporte público.

Eva, residente da Avenida Marqués de Ombreiro desexa máis zona de aparcadoiro ao reducirse coa chegada do carril bici e ademais pide

TE ENCONTRARÁS COMO EN CASA

CENTRO DE DÍA

O Fogar de Galán

Atención sanitaria - Atención psicológica - Podología - Fisioterapia y rehabilitación - Terapeuta ocupacional - Trabajo social
Animación sociocultural - Comedor y control nutricional - Servicio de lavandería - Vehículos adaptados

Ronda Fontiñas 7 bajo. 27002 Lugo - Tfno.: 982 06 07 08 - ofogardegalan@gmail.com

ATENCIÓN PERSONALIZADA
Horario: de 08:30 a 20h.
Nos adaptamos a tus necesidades horarias

ao novo ano que non se execute a planta de biomasa que está planificada para a zona da Residencia. Son moitos os lucenses que á pregunta “que lle pides ao 2022 para a cidade de Lugo” contestaron que é preciso unha mellora nas conexións entre as demais cidades galegas tanto en autobús, como en tren, coma en estradas. Actualmente Lugo segue sen contar cunha autoavía que facilite a chegada á capital de Galicia.

Un dos sectores máis castigados durante estes últimos meses foi o da hostalaría que expón que este período de tempo supuxo un antes e un despois na súa maneira de facer negocio e rendibilizar os seus esforzos.

Para esta campaña de Nadal os hostaleiros lucenses volven a verlle a cara ás restricións coa última aprobación das medidas de seguridade. Neste momento é preciso ensinar o Certificado COVID para poder acceder ao interior do bar, cafetería ou restaurante. Este certificado pode ser o de vacinación ou tamén será válido o documento que acredite unha proba diagnóstica negativa nas últimas 72 ou 48 horas dependendo do tipo de análise. Nas terrazas non será necesario acreditar ningún destes certificados e os nenos menores de 12 anos terán acceso libre sen o mesmo.

Ademais, dende fai unha semana, entrou en vigor unha nova limitación de grupos nos locais cun máximo de oito persoas en interior e quince en exterior.

Este tipo de medidas afecta ao número de reservas de comidas e ceas de Nadal xa que son moitas as empresas que cancelan a súa reserva tras a aprobación destas limitacións. Ademais, moitas das familias que nos anos anteriores aproveitaban para pasar estes días de celebración xuntos sen preocuparse pola comida, casa etc. Optaban por reunirse nun restaurante. Na actualidade estas xuntanzas



Arriba, a iluminación nova da praza de Abastos e, abaixo, o interior da árbore de nadal

lévanse a cabo nunha casa propia sorteando deste xeito as regras. Os locais hostaleiros de Lugo seguen a demostrar a súa capacidade de resiliencia e abriron paso a novas alternativas de negocio facendo comidas por encarga tanto a domicilio como para recoller. Intentando seguir co seu modelo de negocio, adaptado a esta nova normalidade.

HOSTALEIROS. O propósito para a cidade de Lugo por parte dos hos-

taleiros é o de volver dunha vez á normalidade, podendo celebrar coma antes, xuntarse con amigos e familia sen importar o número de comensais e poder recuperar o seu ritmo de traballo.

En canto aos comercios que enchen as rúas da cidade, esta época é unha das máis frutíferas do ano. Son moitos os veciños que nos últimos tempos tomaron conciencia da importancia do comercio local e aproveitan para realizar as compras nos negocios de proximidade.

Esta concienciación ven en parte da realización de campañas por parte das Administracións Públicas coma a Deputación Provincial e a Federación de Comerciantes de Lugo que veñen de expoñer a súa nova campaña “de Lugo Lugo” co que se busca dar un valor maior a aqueles produtos autóctonos da zona.

A campaña de Nadal deste ano prantéxase con moito optimismo xa que é a época principal de venda do comercio. Sin embargo, as últi-

mas semanas co Venres negro descompón un pouco a campaña porque os lucenses xa fixeron comprar de cara ao Nadal. Se comparamos a situación actual dos comercios lucenses coa do ano pasado, estase a ver unha clara mellora debido a que fai un ano a metade do tempo, os locais permaneceron pechados, con restricións e medo.

Este sector espera a recuperación dos niveis de compra dos anos anteriores malia que os veciños lucenses están a vivir con medo esta nova etapa de subida de impostos, tanto da enerxía coma o petróleo que afectan aos petos dos cidadáns que prefiren gastar menos cartos durante estas datas polo que poida vir.

De cara ao 2022 A Federación Comercio Lugo está a traballar en diferentes campañas que axuden á fidelidade das compras no comercio de proximidade, premiado aos clientes e recordando aos compradores que o negocio local ten unha función social, onde hai movemento hai comercio, hai vida e hai luz. Este é un dos propósitos para o 2022 e no que intentan traballar todos os días. É importante resaltar este punto tras a chegada do comercio online un gran rival que é difícil de superar e máis tendo en conta o receo e escepticismo dos compradores en gastar os cartos debido ao futuro que non se presenta adúlador.

PROGRAMA. Pouco se sabe aínda do programa de Nadal que prepara o Concello e que se mantén aínda en elaboración á espera do que a covid permita realizar.

A área de Cultura prepara a Lugo 15 espectáculos novidosos e de calidade que animarán o percorrido dos Magos pola cidade o vindeiro 5 de xaneiro de 2022. Ademais, aprobose xa o prego que permitirá alugar as carrozas nas que se desprazarán os Magos e os paxes reais, que sae a licitación cun prezo de 36.179€.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

Os desexos dos nosos gobernantes

O meu desexo para este 2022 é que poidamos, por fin, superar a pandemia, deixando atrás toda a preocupación, a incerteza e a dor que supuxo para moitas familias ver enfermarse e mesmo perder aos seus seres queridos. Desexo que o novo ano que entra sexa sinónimo de recuperación, porque o meu propósito e tamén o meu compromiso cos e coas lucenses é o de traballar, incansablemente, para saír reforzados desta crise sanitaria. Dende o Concello xa puxemos en marcha as ferramentas que nos permitirán avanzar cara un futuro prometedor, unha estratexia municipal de dinamización económica ao abeiro da que a veciñanza poderá atopar novas oportunidades laborais, impulsando ao tempo e sempre dende a sustentabilidade, que a cidade, os espazos urbanos sexan a continuidade das nosas casas. Felices Festas e bo Nadal!

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo

En primeiro lugar desexo que en Lugo, e a nivel mundial, gocemos dunha saúde que permita unha vida axeitada ao século XXI. Precisamos dunha sanidade pública, e universal, que permita atender á poboación que o precise nos momentos máis difíciles, cun persoal sanitario formado e xustamente remunerado que poida desempeñar as súas funcións coa debida estabilidade laboral. Apostamos por un Lugo no que as persoas sexan o centro das políticas a respecto da mobilidade. A peonalización e as novas formas de transporte deben xogar un papel fundamental xunto co transporte público polo que apostamos decididamente. O comercio de proximidade e os produtos máis achegados deben de ser o motor dun cambio social en canto ás novas formas de consumo. Facer do centro da cidade e do comercio tradicional un xeito de vida para a veciñanza de Lugo. Unha proposta cultural continua e diversa é un dos obxectivos para o futuro. Este 2022 será o ano da recuperación dos hortos escolares, da posta en marcha de itinerarios escolares seguros e continuaremos dotando dunha maior seguridade e dun tráfico máis calmado nos entornos escolares da cidade.

Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo

Ogallá que no vindeiro 2022 demos os pasos necesarios para recuperar a normalidade, de antes da pandemia, nas nosas vidas. A nivel municipal é preciso que o goberno de Lugo abandone a política do rodillo e colla a man tendida do Partido Popular en temas tan importantes como a política fiscal ou os orzamentos. Tamén nos gustaría que non pasase outro ano máis sen abrir o novo Auditorio de Magoi, sen tirar as Torres do Garañón ou sen quedar descolgados da Alta Velocidade.

Ramón Carballo, Grupo Municipal PP

Esperamos que o 2022 sexa o ano no que, por fin, poidamos recuperar a tan ansiada normalidade. Unha normalidade que supoña a recuperación económica e social tan necesaria. E por iso, espero que xa un ano de oportunidades para todos os lucense, sobre todo, para os máis novos, que esperan iniciar a súa vida laboral. E, sobre todo, que todos nos sintamos moi orgullosos da marabillosa cidade que temos e que a coidemos, a respectemos e gocemos de cada un dos seus recunchos. E que, por suposto, este Concello siga poñendo en valor o noso patrimonio e que, por fin, poidamos abrir as portas do auditorio.

Olya Louzao, Grupo Municipal Ciudadanos



PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS



AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO





COMPRA
ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

Lugo convoca o Arde Lucus 2022, que será entre o 9 e o 12 de xuño

As tropas romanas volveron atravesar a Ponte Romana sobre o río Miño para tomar a cidade de Lugo, un ano máis. Foi una entrada simbólica que, xunto a unha ofrenda aos deuses presidida pola alcaldesa de Lugo e as asociacións do Arde Lucus, serviu para presentar esta festa de recreación histórica a xornalistas representantes de medios de comunicación de dez países e tres continentes.

A rexedora puxo en valor o enorme valor do Arde Lucus para divulgar o patrimonio e a historia da cidade, “unha festa que nos une como pobo

e que prepararmos con paixón, orgullo e do xeito máis fidedigno e respectuoso cos nosos devanceiros”. Méndez, que presidiu un acto de ofrenda aos deuses nas termas romanas nun acto simbólico que dará a volta ao mundo, lanzou o anuncio de que “Lugo recuperará o esplendor desta festa despois de dous anos a medio gas pola pandemia do 9 a 12 de xuño do vindeiro ano, no que se está a traballar xa para que sexa especial e teña a maior relevancia internacional posible”.

Para iso, a concellería que dirixe

Mauricio Repetto organizou unha xornada de convivencia entre 19 colectivos de recreación histórica e xornalistas dos medios de comunicación Le Petit Jornal, Voyage Magazin, Diva, Jenata Dnes, Agencia nacional italiana de noticias (ANSA), Axencia XINHU, Cadena Rasa, Televisión Mexiquense, Radio, Cadena 3 Arxentina, Radio e TV3 e Touristica International, que divulgarán a celebración en Francia, Italia, América Latina, China, Uruguai, Arxentina, Brasil, México, Bulgaria e Canadá.

Chega ao MIHL a exposición Cartela B

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, inaugurou a exposición Cartela B, que chega ao MIHL para recompilar os distintos murais realizados durante o Combate Mural que deu inicio á segunda edición do festival de arte Culturbar o 21 de agosto. Maite Ferreiro explicou que “co Culturbar damos desde a área de Cultura un novo espazo ás propostas de arte emerxentes, achegando unha canle de difusión ás novas propostas artísticas e achegando

novas ofertas de lecer á veciñanza”. Esta exposición contará cos traballos murais que se elaboraron ao aire libre e que contou como taller de traballo, como lenzo e como galería a cidade de Lugo.

A exposición estará aberta ao público até mediados de xaneiro, e contará con actividades e obradoiros, organizados dentro da programación habitual do MIHL. Ademais, contará cunha proxección continua dunha peza documental sobre o combate mural.

O Vello Cárcere acolle a mostra do artista Manuel López Liz

O Tenente de Alcalde e a concelleira de Cultura de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua visitaron a nova exposición do Vello Cárcere, que reúne pezas de madeira realizadas polo artista local Manuel López Liz.

Ferreiro destacou a capacidade do Vello Cárcere e do resto de instalacións culturais de Lugo como “espazos para que as persoas que conforman o tecido cultural de Lugo poidan expoñer a súa obra a todas as veciñas e veciños”.

A exposición de Manuel López Liz consta dunha serie de pezas



talladas en madeira de carballo e castirol, talladas e decoradas seguindo a técnica da pirografía.

A mostra poderá visitarse na primeira planta do Vello Cárcere ata o 10 de xaneiro de 2022.

Falece o académico, escritor e tradutor Darío Xohán Cabana

A Real Academia Galega comunicou o pasamento de Darío Xohán Cabana Yanes, unha das grandes voces das letras galegas contemporáneas e membro de número da institución. O escritor e tradutor, nado en Roás (Cospeito) no ano 1952, faleceu aos 69 anos de idade. Ao longo de máis de medio século de vida, Darío Xohán Cabana cultivou case todos os xéneros en máis de corenta títulos dirixidos tanto ao público adulto como ao máis novo, entre os que salientan obras como Galván en Saor, un dos grandes éxitos da literatura galega das últimas décadas; poemarios como Patria do mar ou Canta de cerca a morte e as traducións ao galego dos grandes clásicos



de literatura italiana, Dante e Petrarca. O fondo compromiso coa lingua e a identidade cultural e polí-

tica galega atravesa unha produción creativa que arrincou no eido da poesía co guieiro de Manuel María, cuxa cadeira na Real Academia Galega ocupou no 2006.

Darío Xohán Cabana sempre tivo presentes as súas raíces. Fillo de labregos republicanos, comezou a militar na esquerda nacionalista na clandestinidade dende moi novo e tanto o seu pensamento político como o seu lugar no mundo, a Terra Chá, deixaron unha importante pegada na súa obra. No ano 1970 publicou o seu primeiro libro de poemas, Home e terra, na colección Val de Lemos de Edicións Xistral, dirixida polo tamén chairego Manuel María.

FORMACIÓN PARA DESEMPLEADOS

100% GRATUITO



- ✓ IMAQ0210 Desenvolvemento de proxectos de elevación, manutención e transporte.
- ✓ IMAR0508 Desenvolvemento de proxectos de instalacións caloríficas.
- ✓ IFCT0110 Operacións de redes departamentais
- ✓ IFCD0110 Confección e publicación de páxinas web
- ✓ ADGG0208 Actividades administrativas na relación co cliente
- ✓ ELES0010 Desenvolvemento de proxectos de infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos en edificios

Más Información en:
formacion@estudiosrafer.es
982 22 26 49

estudios
rafer

Formamos e insertamos
laboralmente aos lucenses

Lugo Job

- ✓ Creación e programación de páxinas web
- ✓ Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións
- ✓ Competencias claves M2



Descubre como aquí:
formacionconcello@lugo.gal
982 222 649



Concello de Lugo
ALCALDÍA
Desenvolvemento
Local e Emprego

O Ballet Nacional Ruso actuará en Lugo este mes

O Ballet Nacional Ruso dirixido por Sergei Radchenko interpretará *El lago de los cisnes* no Gustavo Freire de Lugo o día 21 de decembro.

A actuación dará comezo ás 20.30 horas e pódese mercar a entrada a través de internet.

A obra transcorre entre o amor e a maxia, enlazando nos cadros de loita entre o ben e o mal. Está protagonizada por Sigfrido, un home namorado de Odetta, unha rapaza nova convertida en cisne polo feitizo do malvado Von Rothbart e Odile o cisne negro e filla do bruxo.

O Ballet Nacional Ruso é unha gran institución que conta con máis de 50 bailaríns con ampla experiencia e máis de 30 anos actuando nos mellores escenarios de Rusia, México, Arxentina, Xapón, Reino Unido, Estados Unidos, Turquía e Sudáfrica.

AUDITORIO. O auditorio municipal Gustavo Freire acolle os xoves e domingos de decembro ás 20.30 horas unha ampla programación cultural. Dará comezo o xoves 9 coa compañía do Centro Dramático Galego que representará *O Charco de Ulises*. Esta obra é unha versión libre da Odisea. Seguirá o domingo día 12, pero será nesta ocasión ás 18.30 horas, a obra



Las pequeñas cosas, que está a cargo da compañía La Mecánica, e é un espectáculo fresco e inspirador que pregunta polo lugar que ocupa a infancia e cómo foi que, un día, os adultos deixamos de xogar.

Xa o xoves 16, Ítaca Teatro será quen leve a obra *Formigas no peto*, unha proposta innovadora e de calidade que mestura o teatro de imaxes, coa narración oral e co teatro de actor.

E por último o domingo 19, seis grupos lucenses representarán *Mulleres na memoria*, unhas composicións sobre mulleres represariadas a través de poemarios de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco.

Entregados os premios aos tres gañadores do certame de Microrrelatos do MIHL



Fernanda Arrojo, no medio, gañadora e colaboradora deste medio

No día de onte tivo lugar no MIHL a entrega de premios do certame de Microrrelatos organizado dentro da programación anual de actividades da área de Cultura para o MIHL.

O xurado, formado por Beatriz Dourado, Lois Pérez e Marcos López escolleu aos tres relatos gañadores de entre as 42 obras presentadas, que tiveron unha

extensión máxima de 30 palabras.

Namorado, de María Fernanda Arrojo resultou o relato gañador do primeiro premio, valorado en 150€. No segundo lugar, con 100€ de premio, situouse *Vímolo*, de Lucero Robles. O último relato premiado, con 50€, foi *Catorce meses e dez días*, de Laura Ferreira Freire.

Comeza a exposición 'Per correr o Tempo' na Horta do Seminario

Xa se pode visitar a mostra *Per correr o Tempo* na praza Horta do Seminario, unha exposición que amosa o Camiño de Santiago baixo a mirada de distintos artistas visuais, e está organizada pola Xunta de Galicia e a fundación bancaria La Caixa, dentro das actividades enmarcadas na programación do Xacobeo, e conta coa colaboración da área de Cultura do Concello de Lugo.

A mostra permanecerá na praza Horta do Seminario ata o 2 de xaneiro de 2022. A itinerancia continuará ata xullo de 2022, pasando por Ourense, Vigo e Compostela. O traballo fotográfico e audiovisual expónse en 6 grandes contedores de barco habilitados como salas de proxección, onde poden contemplarse secuencias de imaxes, curtametraxes ou formatos híbridos de fotografía e vídeo. A viaxe entre os diferentes contedores e contidos é un reflexo da propia viaxe dos autores para realizar os seus proxectos, así como o transitar propio do Camiño.

Afundación acolle a mostra Castelao grafista (Facsímile)

A sede de Afundación na cidade de Lugo acolle ata o 31 de xaneiro a mostra *Castelao grafista (Facsímile)*, organizada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester e a Real Academia Galega de Belas Artes. O proxecto está comisariado por Miguel Fernández Cid e reúne unha ampla selección de materiais das múltiples facetas desenvolvidas por Castelao, na que se poden

atopar textos, ilustracións, deseños, fotografías ou publicacións.

A mostra está formada por tres retratos fotográficos, catro caricaturas, 89 debuxos da serie *Cousas da vida* e 17 debuxos e portadas de revistas. Ademais, poderase ler o texto orixinal do álbum *Nós* e contemplar dous manuscritos de Castelao, 18 portadas das primeiras edicións dos seus libros, tres páxinas interio-

res, 14 portadas de libros ilustradas por el e tres debuxos.

O proxecto tamén ten por obxecto facelo máis visible internacionalmente e establecer unha rede de bibliotecas nas que se poida consultar a estudar a súa obra, por medio dos centros Instituto Cervantes e dos centros culturais dependentes do Ministerio de Asuntos Exteriores de todo o mundo.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

KYOCERA
Distribuidor Autorizado

EPSON
Distribuidor Autorizado

OKI
Distribuidor Autorizado

CRM

CONTABILIDAD

PRODUCCIÓN

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

GESTIÓN

E-COMMERCE

FIDELIZACIÓN

EXIT B2B

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

construferr

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BAÑAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construcción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

“Temos unha ampla variedade de produtos para agasallos”

Manel e Pepe Fernández Veiga están á fronte da Librería Troll

Os irmáns Manel e Pepe son os propietarios da Librería Troll, unha pequena tenda situada na praza do Rei de Lugo pero que conta con máis dun cuarto de século de historia.

Cantos anos leva en marcha a Librería Troll?

Levamos 32 anos en funcionamento e desde a creación de Troll a nosa principal motivación sempre foi ofrecer un bo servizo e unha boa calidade nos nosos produtos.

Porque ten ese nome tan curioso?

Pois o nome xurdiu por azar como quen di. Foi deseño dunha amiga que estudaba en Artes Aplicadas, o que hoxe é a Escola Superior de Deseño Ramón Falcón. Nos necesitábamos un logotipo e falamos con ela, e deseñounos un troll cunha mochila e os seus lapices. Gustounos e pareceunos moi gracioso ademais de que buscábase un nome corto.

Cales son as liñas de traballo?

En Librería Troll definímonos a calidade, a rapidez e bos prezos.

Cales son os principais produtos que ofrecen?

Temos un amplo abano de artigos de papelería, xoguetería e artigos de agasallos, así como libros de lectura. Tamén facemos traballos de copistería, fotocopias, correo electrónico, escáner, impresión dixital de calquera formato, etc.

Contan con máquinas especializadas para o servizo de copistería?

Si, de feito agora mesmo estamos instalando dúas novas máquinas. Un plóter e unha fotocopiadora nova que traballa con diferentes tipos de papeis.

A quen van destinado o servizo de copistería?

Os nosos servizos van destinados principalmente a profesionais, estudantes, universitarios, academias, etc.

E están ao día nas novas tecnoloxías?

Si, creamos algúns servizos adaptados ás novas tecnoloxías, tales como o envío de documentos para impresión e encadernado, que ofrecen aos nosos clientes unha resposta rápida ás súas demandas.

Nos tempos da pandemia e para a comodidade dos cliente realizamos as entregas no seu domicilio sen ningún custo adicional.

Así mesmo contan cun espazo adicado ao ámbito escolar?

Si, contamos con libros de texto, de idiomas, atlas, material escolar, de oficina, tamén realizamos traballos de imprenta e encadernación, etc.

Tamén funcionamos moito cos alumnos da Escola de Arte pois gracias a eles contamos cunha gran oferta de papeis de debuxo, lápices de cores, pasteis, rotuladores, carboncillos, libretas de debuxo e axendas como Moleskine e Leuchtturm, etc. E senón temos o material que se está a buscar nos sempre facemos por conseguilo xa que contamos con moitos catálogos e diferentes provedores.

E no tocante a empresas?

Adicámonos tamén ao suministro de material de oficina e servizos de reprografía. Así mesmo estamos especializados en venda ao detalle, de subministración a empresas, administración e oficinas de material de papelería.

Contan cunha ampla zona de agasallos, non?

Nos traballamos moito os agasallos como son as mochilas, bolsos, carteiras e diferentes accesorios. Aínda que contamos con libros de lectura, bolígrafos e plumas de Faber Castell. Contamos tamén cos puzzles de Wood Models.

Son agasallos para todas as ocasións?

Tentamos ter o agasallo perfecto para cada momento. No noso establecemento poden atoparse agasallos de aniversarios, de Nadal, empresariais, para a oficina, para o Día da Nai ou do Pai ou para San Valentín. Buscamos ter sempre os mellores e máis orixinais.

Son os únicos que traballan marcas europeas de bolsos, non?

Si, somos os únicos en Lugo que contamos con marcas como Picuadro, Kipling ou Rains que destacan pola súa boa calidade e ofrecen un deseño moi bonito e versátil en todas as súas prendas. Teñen deseños moi europeos de liñas rectas. Agora vamos incorporar gorros de lá da marca Cabaia que son moi curiosos porque poden intercambiarse os pompóns.



Arriba, os xerentes da Troll e, abaixo, dúas vistas da tenda



**ESTAS NAVIDADES
¡VEN A VISITARNOS!
Y REGUERDA...
TÚ PRIMERA VISITA ES GRATUITA**

Te damos una razón
para sonreír



Mosquera Otero
CLÍNICA DENTAL

Prueba nuestros
tratamientos

Salud Bucodental - Cirugía dental
Estética dental - Implantología
Ortodoncia - Odontopediatría

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32
info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

O Concello incorporará 67 desfibriladores nas instalacións municipais e nas prazas



O Concello de Lugo aprobará en Xunta de Goberno Local a adxudicación que permitirá instalar 67 desfibriladores que axuden a actuar canto antes ante posibles infartos, dos que 47 irán en edificios e instalacións municipais e 10 serán móbiles para os coches da Policía Local e os servizos de emerxencias. Ademais, se incluírán 10 tótems para colocar no exterior.

A empresa adxudicataria para a subministración, instalación e mantemento integral foi Esforem Formación de Emerxencias, por un importe de 148.078 €. “Esta iniciativa responde ao noso compromiso pola saúde. Desde o Concello cremos de especial importancia investir en salvar vidas, tendo en conta que a reanimación cardiopulmonar nos primeiros 3 a 5 minutos é imprescindible xa que eleva as taxas de supervivencia entre o 49 ao 75%. En cambio, cada

minuto que esta acción se atrasa redúcese a probabilidade de supervivencia entre un 10 e un 12%”, segundo lembra a rexedora.

Con esta iniciativa, incluída no programa ‘Lugo con Corazón’, Lugo sitúase moi riba da ratio recomendada por Europa de 10 desfibriladores por cada 10.000 habitantes, converténdose na cidade máis cardioprotexida das grandes cidades galegas e incluso do Noroeste peninsular.

A concelleira avanzou que coa instalación dos desfibriladores poranse en marcha cursos de formación para o seu correcto uso, que recibirán os empregados municipais das distintas dependencias, e que están “baseados nun mecanismo moi sinxelo, pero que, en caso de urxencia, debe aplicarse correctamente e o máis rápido posible xa que o tempo de reacción é clave”, sos-tivo a edil.

Inaugurada a escultura homenaxe aos profesionais da enfermaría

O Concello de Lugo inaugurou na Praza de Ferrol a escultura-homenaxe ás e os profesionais de Enfermería e Matronas. A escultura, obra do vigués José Molares Fernández, que amosa o coidado, sensibilidade e humanidade coa que os profesionais sanitarios traballan todos e cada un dos días satisfacendo as necesidades esenciais na nosa sociedade.

A zona elixida para a instalación da escultura non foi ao azar, foi proposta polo Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, impulsor da iniciativa como lembranza da conmemoración no 2020 do Ano Internacional da Enfermería e Matrona, porque nesta zona fundouse en 1621 un hospital, nun vello case-



A nova escultura

rón donado polos duques de Arjona, que chegou a estar rexentado pola Orde dos Irmáns Enfermeiros Pobres de Bernardino de Obregón.

Na instalación colaboraron economicamente o Concello de Lugo e a Deputación, con 15.000 euros cada institución.

Abre a inscrición para o programa Explorer

Emprendedores universitarios entre 18 e 31 anos xa se poden inscribir ata o 9 de decembro de 2021, a través da plataforma Santander X, na nova edición do programa Explorer, unha iniciativa que brinda formación e mentoring a estudantes e investigadores da USC, nos campus de Lugo e Santiago, interesados en validar as ideas de negocio.

A XIII edición do Explorer, un programa de impulso ao talento mozo promovida polo Banco Santander e dirixida polo Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE) en colaboración local coa USC e a Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia, desenvolverase en formato dixital a partir de xaneiro de 2022.

Novo Plan de Igualdade

Presentouse o IV Plan de Igualdade, unha ambiciosa folla de ruta para o período 2021-2024.

“Temos a obriga como Administración de seguir avanzando para conseguir a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, polo que proxectamos accións que permitan eliminar os obstáculos que a impiden e dificultan, así como mellorar a concienciación, a educación, a prevención e a asistencia en relación coa violencia de xénero”, explicou a rexedora, que estivo acompañada da edil de Muller e Igualdade, Silvia Alonso. Lara Méndez lembrou que “dende o goberno municipal vimos traballando con estratexias firmes en prol da igualdade desde o ano 2005, cando foi aprobado o primeiro plan”.

O IV Plan Municipal estrutúrase en 9 eixos de actuación, nos que se incorporan os relacionados coa saúde, o urbanismo, a mobilidade e a vivenda, nas que xa vimos traballando con perspectiva de xénero.

Entre as medidas que se contempla nestes eixos destacan a demanda á Xunta de Galicia de recursos especializados no diagnóstico e tratamento de enfermidades que afectan especialmente ás mulleres, como a endometriose, a solicitude dun Xulgado de Violencia de Xénero, o deseño de medidas que aseguren un transporte público seguro e libre de agresións machistas; a realización dun estudo para a detección de necesidades de mobilidade das mulleres, especialmente daquelas con discapacidade; a realización dun mapeo de puntos escuros da cidade, e a elaboración dun estudo da incidencia das violencias machistas e as súas diferenzas nos espazos urbano e rural para poder adoptar medidas específicas en cada caso. Tamén se contempla un novo impulso a inclusión das mulleres en situación de vulnerabilidade entre os grupos prioritarios para o acceso ás axudas para a vivenda.

Ousá
Panadería Pastelería Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

Celebre con nosotros su COMIDA O CENA DE EMPRESA y descubra nuestro servicio de COMIDA PARA LLEVAR

COMIDA PARA LLEVAR

BAXERIA LAXA

C/ EDUARDO PONDAL 20. BAJO. LUGO
TEL.: 982 216 536 / www.baxeriaalaxa.com

Avanzamos nunha nova MOBILIDADE



Concello de Lugo
Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Tenencia de Alcaldía
Concello de Lugo

#ActivandoLugo

“A clave é non desesperar porque é unha carreira de longa distancia”

Coñece a Paloma Lugilde directora, dramaturga, actriz e docente

Paloma Lugilde, orixinaria de Noia, é unha directora, dramaturga, actriz e docente afincada en Lugo dende que era moi moi pequena.

Quen é Paloma Lugilde?

Pois a verdade é que é unha persoa en continua aprendizaxe.

Como se autodeterminaría?

Como unha traballadora que intenta construír dende a escoita.

Como se deu conta que o teatro e a actuación era o seu?

Dende sempre me encantou todo o tema de estar enriba dun escenario e comunicar. É verdade que foi máis tarde, cando estudei dereito e xuíz que me din conta de que realmente o meu era o teatro, cando me vin na tesitura de elixir entre a parte máis de dereito e parte máis de teatro.

Como comezou neste mundo?

Primeiro foi a través do baile tanto clásico como flamenco. En teatro comecei en terceiro de carreira cando me apuntei a un grupo independente da universidade de Coruña. Tempo despois cando regresei a Lugo creamos Palimoco entre eu e unha compañeira Lucía Lence. Nos nosos inicios íamos por pubs facendo pequenas historias que curiosamente eran Lorca, Rosalía e outras historias e despois xa posteriormente fomos a outras obras.

Cal é o seu referente?

Nun primeiro momento tanto a miña profe de danza. Despois tiven a sorte de atoparme con Sarabela teatro e, a partir de aí, xa comecei a coñecer xente como Vicente Fuentes que sigue sendo o meu mestre de voz, xente de Odin teatro como Isabel Úbeda. Pero realmente referentes son moitas mulleres directoras as que agora observo e intento traballar con elas para aprender. Tamén teño como referentes aos meus propios alumnos na escola e as alumnas que comezaron comigo de pequenas e agora son actrices xa recoñecidas. Elas ensínanme a min como é o caso de Alba Loureiro.

En que proxectos está traballando

actualmente?

Sigo de xira con *Poeta en Nova York* e xa estamos empezando a mascar un pouquiño aqueles temas que teñen un cariz de pulsión social. Acabo de saír de traballar na documentación de Comedia sen título xunto ao Centro Dramático Nacional e xunto Marta Pazos e o seu equipo dos que aprendín moito.

Agora si que poñendo o acento na próxima produción que aínda estamos aí a artellar... Sobre todo neste intre exacto traballando a tope na escola de Palimoco e os de Down Lugo que son piares para min neste momento.

Cal é a clave para adicarse a súa paixón?

Moito traballo, non desesperar porque é unha carreira de larga distancia no que hai momentos moi bos, momentos non tan bos, momentos nos que te fraquean as forzas pero ves un raio de luz ou alguén que te bota unha man e te axuda e te conforta e de repente como esa paixón sempre está aí parece que todo vai para adiante.

Cal foi o traballo ou proxecto do que se sente máis orgullosa?

O meu traballo como directora da compañía de teatro universitaria os anos que estiven si que foron momentos moi bonitos polo que significaron a nivel de investigación, do achegamento a unha das miñas paixóns que é Lorca. Eu creo que un dos proxectos dos que me sinto máis orgullosa é o Público de García Lorca que montei dúas veces con universitarios e agardo espero poder montar a nivel profesional. Tamén estou moi garbosa das últimas pezas que montei nas aulas de Boisec e Casa de ilusións. Tamén a verdade é que non podo elixir un porque dende os traballos que fago coa compañía de teatro Down Lugo como todos os traballos que fago na Escola dende o primeiro ao último poño toda a paixón que é un dos meus defectos porque son bastante incapaz de non poñer toda a carne

no asador.

Que fai Paloma Lugilde no seu tempo libre?

Adoito estar cos amigos, familia ou parella. Leer, pasear pero sobre todo escaparme a Noia a ver a miña nai. Agora mesmo cando teño tempo libre é o meu principal obxectivo, desfrutar dela. Tamén cos sobriños de aquí e de alá. E si teño un tempinho ir de viños, ver a xentiña, comer, invitar a comer a casa alguén, cear... A verdade é que gústame moito ese tipo de plans, gústame a conversa e a xente.

Como acabou vivindo e traballando en Lugo sendo de Noia? Cantos anos leva en Lugo?

Vín moi de pequena en 6º de EXB debido a que trasladaron a meu pai de Noia a Lugo e a verdade é que Lugo me acolleu moi ben. Malia que a miña familia case toda está en Noia e tiro para alí todo o que podo, teño un fío con eles moi importante.

Que é o que máis lle gusta de Lugo?

O ambiente, a xente... Lugo ten moitísimo potencial e xente moi boiña. Gústame todo porque foi a cidade que me acolleu na que se me ocorrían moitas ideas e cada cousa que se me ocorría, cada cousa que intentaba facer, se podía facer ou se intentaba. Facer cousas no parque de Rosalía, ao aire libre, actuar enriba da muralla, polo río é marabilloso. Lugo ten moito case todo o que se pode pedir, tamén moi boa xente. O único que tes que ter coitado é que o efecto muralla non te colla aí nin a néboa se enquisten moito. Equilibrar, ter un pé fora, viaxar algo, ver cousas tamén fora e equilibrar un pouco. Teño un grato recordo da cidade, o outro día volvía de viños e me acordaba de toda a miña adolescencia coas miñas amigas no Catorce, no -mesón da rúa, no Daniel, nos pinchos...

Como xorde Escola Palimoco Teatro Danza?

A verdade é que a pedagogía para min foi moi importante e cando empecei no colexio de Fingoi, onde me deron moitísimas oportunidades e me deixaron moita liberdade para traballar, estiven case 11 anos co teatro como materia obrigatoria dentro do currículo. Aprendín moito de persoas como Lucía Lence ou Carmen



Paloma Lugilde, cos compañeiros de Palimoco Teatro

Carricoba e moitísima xente que pasou por alí. Axudáronme moito e dábanme moita liberdade. Despois desta etapa seguí coa pedagogía na aula de teatro universitaria facendo campamentos. Grazas a toda esa labor formativa que era súper importante enriqueceume e, de repente, houbo un momento na miña vida laboral que quedei no paro e tiña a oportunidade de facer a escola, cobrar o paro para poder facerte autónomo. Xusto nese momento Xabier Iglesias estaba buscando un local para facer escola tamén e xuntámonos os dous creando Espazo Dez. Aí naceu o que é a escola no 2014. Agora ambas escolas creceron e cada unha está nun sitio pero seguimos unidos en moitas cousas. Na actualidade eu estou sola na escola porque hai varios grupos e a verdade é que funciona moi ben, é moi familiar e hai moita paixón, moito aprendizaxe e moita creación. Eu creo que aprendo moito máis deles que eles de min é como unha pelota de ping pong.

Que foi o máis complicado de emprender coa Escola?

O principio foi moi “Oh dios mio” pero buscar que nos deran a licenza foi do máis complicado, tiñamos un proxecto precioso na estación de ferrocarril de aquí de Lugo, de feito a Escola íase chamar Entre vías pero despois non nos concederon a licenza no Concello e se nos caeu o mundo enriba, isto suceden un mes antes de abrir entón tivemos que buscar outro local e arranxar todo en moi pouco tempo. Cando se nos veu abaixo o de Entre vías non o podíamos crer despois de tanto tempo buscando local, tiñamos xa Adif que nos dixera que si foi un pau moi duro. Posteriormente, atopamos este local no que estamos agora e a verdade é que aí moi ben. Aínda estou moi agradecida pola axuda da xente que nos levou a obra como German e todas as persoas que nos axudaron dende o principio, técnicos, deseñadores, etc. fixeron

todo o proceso moi “guay”. Recordo cando ía ver a obra que nos centrábamos sobre todo en cumprir a normativa. Para eso éramos os dous moi escrupulosos, queríamos facelo o máis profesional e legal posible, cumprindo de maneira estricta o que dicía a normativa porque tiñamos moi claro que queríamos facer as cousas ben dende o principio. Outra das situacións máis complexas foi a de superar os medos persoais de haberá xente, serei unha boa profesora, eran os medos que podemos ter todos nun determinado momento.

Que inqedanzas ten na vida?

A verdade é que non facer dano a ninguén. Tratar á xente o mellor posible, intentar ser paciente, escoitar, poñerme no lugar do outro porque me preocupa moito como nos tratamos, a falta de tenrura que temos entre a xente, como as pequenas violencias se poden converter en grandes danos e como me preocupa moitísimo a taxa tan elevada de suicidios que hai e como está a xente, en que momento vive a xente. Tamén me preocupa moito o cómplices que podemos ser nunha sociedade que as veces sin querer damos un pouco as costas ou miramos cara outro lado. Sempre me estou debatendo nesas cuestións e esa inqedanza de facer que a xente do meu arredor sexa feliz, eu mesma tamén, atoparse, a saúde, a familia coma todo o mundo. Hai cousas que si que me preocupan a nivel social, político, laboral... Pero do que teño ao meu arredor o que me interesa é que sexamos capaces de mirarnos a cara con tenrura, franqueza e honestidade.

Que soño ten por cumprir?

É unha cousa que me preocupa moito, que fai moito que non fago. Antes soñaba moito desperta e tiña moitas ilusións e ultimamente non soño desperta e para min é unha preocupación porque creo que soñar é o máis bonito da vida e eso me inqueda porque non quero perder a ilusión.

Avda. Coruña, 83 - Esq. Tino Grandío, 1
Entlo. A - 27003 Lugo
Tño.: 982 216 989 - 644 558 659
correduria@ampelos.es

AMPELOS
CORREDURIA DE SEGUROS

MÁS DE 25 AÑOS ASESORÁNDOTE

Seguros Vivienda - Seguros de Automóvil
Seguros de Vida y Accidentes - Decesos - Salud
Seguros de Asistencia Sanitaria - RC - Comunidades - Pymes
Comercios - Seguros de Caza y Pesca - Seguros Agrarios
Seguros Retirada de Carnet de Conducir

A ULLOA
ALIMENTACIÓN

Angelo Colocci 2, Bajo 2 - 27003 Lugo

Afalu, con máis de 300 familias socias, apoia aos enfermos de Alzheimer

A demencia considérase como un trastorno neurolóxico, que implica déficits cognitivos e perda de capacidades, reducindo de forma significativa a autonomía persoal. Hai que ter en conta que a demencia, pode aparecer a calquera idade, aínda que si ben é certo, afecta primeiramente á persoas maiores. Existen múltiples tipos de demencia, e diferentes formas de clasificación en función de distintos criterios.

Afalu é a asociación de familiares de doentes de Alzheimer e outras demencias de Lugo. Unha entidade sen ánimo de lucro que traballa para mellorar a calidade de vida dos doentes de Alzheimer e outras demencias neurodegenerativas da provincia e das súas familias.

Dende a Asociación destacan a importancia da prevención na que fan especial fincapé despois do aumento da esperanza de vida, o seu obxectivo é que as persoas con demencia podan gozar da maior calidade de vida posible.

Afalu nace no ano 2002 despois de que varias familias lucenses con persoas enfermas de Alzheimer se coñezan e se den conta de que non existe ningún centro específico para este tipo de enfermos e do necesario que sería para mellorar a súa calidade de vida e a dos enfermos. Desde o seu comezo as actividades e obxectivos foron encamiñados a dar a coñecer á sociedade a problemática á que se enfrontan diariamente os enfermos así como tamén os seus familiares tratando de axudar ao maior número posible de fogares.

Segundo os estatutos os valores da asociación son fins sociais, colaboración, pluralidade, transparencia, profesionalidade, multidisciplinariedade e control. Marcando entre os seus obxectivos facer visible a pro-

blemática a que se enfrontan diariamente os doentes de Alzheimer e as súas familias e cuidadores, sensibilizar e informar á sociedade así como a distintos colectivos sobre a problemática das demencias, mellorar a calidade de vida das persoas doentes de Alzheimer e outras demencias así como a dos seus cuidadores, previr o deterioro cognitivo e as demencias mediante a estimulación cognitiva e a rehabilitación física, psíquica e sensorial.

Na actualidade, a Asociación conta con máis de 300 familias socias, isto é debido a que Lugo é unha das provincias máis envellecidas de España polo que o porcentaxe de persoas cunha demencia é máis alta que a media. Ademais, existe a problemática da dispersión xeográfica que dificulta e encarece máis o acceso aos recursos.

Entre as actividades que realiza e servizos que oferta destacan a estimulación cognitiva, rehabilitación, fisioterapia, ludoterapia, laborterapia, logopedia, xerontoximnasia, estimulación sensorial, ocio e tempo libre, atención social e psicolóxica.

Tamén realizan actividades formativas tanto a cuidadores como a futuros profesionais. Imparten as accións formativas atención social a persoas no domicilio e atención a persoas dependentes en institucións sociais. Falamos coa presidenta da asociación, Carmen Pena.

Que finalidade ten a Asociación?

Previr o deterioro cognitivo, manter as mellores condición de vida posibles e axudar ás familias o máximo posible.

Que ten que facer unha persoa que queira beneficiarse dos seus servizos?

Ten que contactar con nós no 607843384, no noso correo electrón-

ico afalu@afalu.org ou acercarse por algún dos nosos centros e alí o informaremos.

Que motiva aos voluntarios a colaborar?

A maioría de persoas voluntarias tiveron algún familiar cunha demencia e por iso coñecen de primeira man a necesidade que temos de colaboración. Tamén temos persoas voluntarias que se animan despois de realizar prácticas con nós e estudantes universitarios que teñen moitas ganas de colaborar.

Como afectou a covid-19 aos enfermos?

Pois tiveron un empeoramento moi notable pois a falta de actividade e de socialización mermou as súas capacidades. Ademais as persoas cuidadoras tiveron unha sobrecarga importante.

Que beneficios ten formar parte da asociación?

Pois a nivel económico a cota de socio ten beneficios fiscais, desgrávase en facenda. Por outro lado, na nosa asociación, simplemente por pagar os 5 euros mensuais da cota de socio podes acudir sen custo adicional as sesións de apoio mutuo a cuidadores así como atención social gratuita sempre que se necesite.

De que forma chegan a máis xente, como se dan a coñecer ou como chega a xente interesada?

Pois intentamos saír a rúa varias veces ao ano con mesas informativas, especialmente polo día mundial do Alzheimer e noutras datas relevantes coma o día internacional do cuidador. Tamén saímos no día das letras galegas e obsequiamos a xente con manualidades feitas polos nosos usuarios e usuarias. Ademais, publicamos de xeito diario en todas as nosas redes sociais e páxina web. Para chegar ás zonas máis rurais, contactamos coas asociacións de veciños,



Dúas actividades levadas a cabo por Afalu nos seus centros

as asociacións de mulleres rurais e asociacións culturais da zona.

Que maneiras existen de colaborar coa asociación?

O máis importante é facerse socio, porque é unha pequena contribución económica que a nós sírvenos de gran axuda. Ademais, cantos máis socios teña unha asociación máis relevancia ten nas administracións públicas.

Teñen algún evento ou actividade próximo en datas?

O día 23 de decembro temos un Obradoiro de Nadal en Friol e os días 15,16 e 17 participamos nun mercadillo solidario chamado *Diversiarte* na praza Horta do Seminario en Lugo.

Cal é o mellor recordo que teñen da Asociación?

Pois o máis gratificante é ver o agarramento que nos teñen as familias e que se acordan de nós en todas as festas con caixas de bombóns, debuxos dos

netos, etc. Este ano, ademais, unha parella que se casou, en lugar de dar un obsequio na súa voda, fixo un donativo a nosa entidade en nome de todos os convidados ao festexo, foi algo moi bonito.

Que foi o máis difícil de crear a asociación?

No ano 2002 era moi difícil que a información chegara a poboación pois non se utilizaban as redes sociais como hoxe en día, ademais, case non se falaba da enfermidade, senón que se daba por feito que era froito da idade.

Como sobrevive unha asociación destas características?

A día de hoxe é moi difícil manter en pé unha asociación, pero ademais é moi difícil poder manter a persoal especializado como ten Afalu. En gran parte dependemos de axudas públicas, da achegas de "fins sociais" da declaración da renda anual e dos donativos e cota de socios.



GEOCLIMA ST

CLIMATIZACIÓN - FRIO INDUSTRIAL
ENERGÍAS RENOVABLES - CALEFACCIÓN



SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO


REFRIGERACIÓN


CALEFACCIÓN


SOLAR TÉRMICA


BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com

Feliz Navidad

FLORISTERÍA ROSE FLOR



San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

As imaxes do 25 de novembro na comarca



A cidade entregou as Medallas de Ouro aos heroes da pandemia

A cidade de Lugo entregou a máxima distinción do Concello, as Medallas de Ouro, aos sectores esenciais e presenciais que estiveron en primeira liña durante o primeiro Estado de Alarma da pandemia. Nesta ocasión, entregáronse os galardóns do 2020 e do 2021 xa que os do ano pasado quedaron pospostos pola situación sanitaria. Os galardóns deste anos fixéronse extensivos ao persoal municipal que estivo a carón da veciñanza.

A alcaldesa destacou no seu discurso que “estes cidadáns estarán sempre nos nosos corazóns, cidadáns que, con valentía e cun impulso que superou incluso o que deles se esperaba, se levantaban cada mañá, vencendo os seus propios medos, e saían das súas casas a traballar para ser os no-



sos salvadores, os nosos cuidadores, os nosos protectores, os nosos provedores, ás veces, o noso consolo, converténdose nun fío de unión que nos mantiña en contacto cun mundo exterior que, durante os días infinitos que durou a reclusión nas nosas casas, en nada se parecía a como o entendíamos ata ese momento”.

A rexedora sostivo que este ano “queríamos que a entrega das Medallas deste ano foxe especial, polo que entregan tamén os recoñecementos unha representación diversa e plural da sociedade lucense, máis anónima, pero na que todos nos podemos ver reflectidos, en sinal de gratitude de toda a sociedade”.

Lugo retoma ‘O noso mercado é un agasallo’

O Goberno de Lugo retoma a campaña *O noso mercado é un agasallo* para incentivar o consumo na Praza de Abastos e o Mercado Municipal e destacar a importancia de consumir produtos de proximidade no comercio local, especialmente durante a campaña de Nadal.

Todas as persoas que realicen compras por valor de 40 euros ou máis nos distintos postos da praza recibirán un agasallo, e só na primeira mañá desta campaña o ano pasado, os distintos postos da praza facturaron máis de 16.000€”. Este ano, a promoción está prevista tamén para os días 4, 11, 18, 23 e 30 de decembro e 8 de xaneiro de 2022.

A área de Muller dá soporte á conciliación de 350 familias

A área de Muller do Concello de Lugo ofrece soporte, actualmente, á conciliación de 350 familias a través do programa Aprende Xogando.

Esta iniciativa busca axudar ás nais e pais a compatibilizar mellor, durante todo o ano, a súa xornada de traballo coa atención dos nenos e nenas, facilitándolles unha alternativa lúdica e tamén didáctica para que as e os cativos socialicen e compartan vivencias, sempre nun espazo seguro.

A Administración local pon cada tarde, de luns a venres, entre as 16:00 e até as 20:30 horas, á súa disposición os Centros de Convivencia da Milagrosa, Maruja Mallo

e Uxío Novoneyra que durante as vacacións de Nadal, Semana Santa e verán se amplía tamén á Casa da Música e en horario de mañá (de 09:00 a 14:00 horas).

O programa posibilita, á súa vez, a contratación de 8 monitores, 12 nos períodos vacacionais, cos que as e os máis pequenos non só disfrutan de actividades de entretemento, senón que tamén aproveitan parte da súa estancia para realizar as tarefas escolares. Debido a situación epidemiolóxica houbo limitacións de aforo que obrigou a reducir o número de prazas dispoñibles até as 463. Actualmente a capacidade do programa está completa ao 100%.

Lugo festexa a declaración de Patrimonio da Humanidade



O Concello celebrou o día 30 de novembro o 21 aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade. As actividades comezaron co coro e ensembles de clarinetes do conservatorio Xoan Montes na praza Pío XII, interpretando distintas pezas de Beethoven, Pachelbel ou Mozart, entre outros, e con-

tinuou cun un roteiro poético musical, organizado pola área de Cultura e a revista lucense de creación poética Xistral. Contou coa participación de distintos músicos da cidade, entre os que se atopan Yuri, Rulos, Cántigas e Frores ou a Volta do Agro, e con distintas persoas recitando poesía nas distintas paradas do roteiro.

Editan o calendario de 2022 con imaxes do Arquivo Municipal

A área de Participación e Servizos para a Veciñanza vén de editar o calendario de 2022 con imaxes pertencentes aos fondos do Arquivo Municipal. Este ano, baixo o título Arquivo e Muller, recóllense imaxes e documentos históricos relacionados con mulleres de Lugo.

Cristina López destacou que “con este calendario queremos visibilizar as condicións laborais, sociais e económicas das mulleres durante distintas épocas históricas dos séculos XIX e XX”.

As fotografías pertencen á colección Delgado Guisasa, custodiada no

Arquivo Municipal, e proceden dos negativos en cristal que facía no laboratorio da farmacia da que era dono.

A área de Participación edita anualmente un calendario con imaxes procedentes do Arquivo Municipal desde a conformación do novo goberno da cidade.

As imaxes e documentos dos calendarios editados pola área de Participación proceden de fondos documentais almacenados no Arquivo Municipal e no Arquivo Histórico Provincial, e forman parte dos fondos municipais do Concello de Lugo.

LUGOCOPIA

Imprime desde casa y recoge en tienda

www.lugocopia.es

Praza de Augas Férreas, 2 - Baixo
27002 Lugo (Lugo)
982 220 721 - info@lugocopia.es

Librería Troll

SI NO SABES QUE REGALAR ESTA NAVIDAD...

VISITANOS PORQUE TENEMOS LOS DETALLES MÁS ORIGINALES Y UNA GRAN VARIEDAD PARA ACERTAR

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

LUGOXÁ

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DE LUGO

VISITA A NOSA WEB
www.lugoxa.com

INFORMACIÓN DIARIAMENTE
ACTUALIZADA

Felipe Rivas foi elexido como novo responsable local do BNG

O concelleiro do BNG Felipe Rivas vén de ser escollido novo responsable local do BNG de Lugo. A renovación dos órganos de dirección do BNG enmárcase dentro dos traballos posteriores á Asemblea Nacional do BNG celebrada na Coruña o pasado mes de novembro. “Afrontamos este novo reto con ilusión e co ánimo de expandir o proxecto do BNG a nivel local”, explicou Felipe Rivas.

O consello local estará formado por un total de 15 persoas, ás que se sumará a persoa escollida pola organización xuvenil do BNG, Galiza Nova.

O responsable local pasará a formar parte tamén do Consello Comarcal do BNG. O novo consello local mestura experiencia e renovación, unindo a persoas con experiencia



A nova asemblea do BNG de Lugo

no organismo con persoas que terán neste período o seu primeiro contacto cos organismos do BNG.

Felipe Rivas destacou a importancia da militancia á hora de tomar

decisións no seo do BNG. “As e os militantes do BNG somos os encargados de decidir a liña política e as decisións de peso dentro da organización”.

A Federación veciñal recibe 200 composteiros

Entregáronse 200 novos colectores para facer compostaxe doméstica á Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti, co fin de promover a reciclaxe da materia orgánica en orixe.

As novas unidades foron subministradas a petición da entidade veciñal, que xa recibira outros 100 composteiros de uso doméstico no mes de xullo.

Os recipientes teñen capacidade para 400 litros e están fabricados con materiais reciclados e reciclables. O obxectivo da Federación é repartilos entre os seus asociados para que convertan os restos orgánicos en compost, un abono natural con excelentes propiedades para o solo.

A biblioteca Nodal céntrase este mes na programación infantil

A Biblioteca Pública centra a programación de decembro no público infantil, con diferentes espectáculos de narración oral todas as semanas. Ao longo do mes haberá tamén exposicións arredor do belén de Begonte, que fai 50 anos en 2022, de carteis divulgativos sobre mulleres pedagogas pioneiras, e de imaxes participantes no XXVII Maratón Fotográfico del Campus Terra de la USC. A información sobre as actividades, que requiren de inscrición previa, pode consultarse na web do centro bibliotecario.

A axenda arranca este venres 3, cun faladoiro para público de oito a 12 anos coa escritora Antía Yáñez arredor da súa novela *Plan de*

rescate. A vindeira semana será a queda de Pavís Pavós con *Historias da marquesa*, un espectáculo de narración oral dirixido á rapaza de catro a 12 anos.

Na xornada do 17 chega Migallas Teatro con *Contos nas orellas*, unha actividade para todos os públicos na que gozar da tradición oral a través de historias e música. Todas estas sesións terán lugar ás 18,00 horas.

Xa o día 23, ás 17,00 horas, haberá contos e cancións con Ollo, Piollo!, para bebés de un a tres anos. Como peche, o 30, Mario Tomás compartirá a historia do neno africano Hamar. Trátase dunha actividade de narración oral.

Abre a inscrición para o programa Aprende Xogando de Nadal

O Concello de Lugo, a través da área de Muller que dirixe Silvia Alonso, abriu o prazo de inscrición do programa Aprende Xogando tanto para as mañás de vacacións de Nadal (22,23,27,28,29,30 de decembro e 3,4,5,7 de xaneiro) como para o 2º trimestre do curso escolar, correspondente ás tardes dos meses de xaneiro, febreiro e marzo.

“Trátase dun programa orientado a favorecer a conciliación nos eidos laboral, familiar e persoal. Queremos apoiar de xeito especial ás mulleres na súa integración laboral, beneficiando tanto ás e aos menores como á unidade de convivencia no seu conxunto, dando atención a unhas 350 familias na cidade, aproximadamente” explicou Alonso.

A concellería de Muller porá en marcha todas as medidas necesarias para garantir a saúde de todas

as persoas participantes, “adaptándonos ás condicións sanitarias do momento e ás recomendacións que realicen as autoridades. A tal efecto, poderán ver se afectadas as localizacións, aulas, aforos etc – engadiu a edil – que, nun inicio se desenvolverán nos centros de convivencia Uxío Novoneyra, Maruja Mallo e Milagrosa”.

O programa está dirixido a nenas e nenos empadroados/os no Concello de Lugo cunha idade comprendida entre os 3 e os 12 anos e as solicitudes, que poderán presentarse até o vindeiro 7 de decembro, efectuaráanse de xeito telemático polos proxenitores dos menores, no e-mail aprendexogando@lugo.gal sinalando nome, apelidos do menor e nome, apelidos e D.N.I. do proxenitor solicitante aportando anexo normalizado para a solicitude e a documentación requirida.



COIDEMOS MONTIRON. O movemento social lucense que procura xerar un sentimento de amor e respecto polo patrimonio, a natureza e os espazos públicos estivo no barrio de Montirón de limpeza.

La Pequeña Tienda

¡Feliz Navidad!

BODAS - DECORACIÓN - EVENTOS - ARREGLO FLORAL

CON TUS COMPRAS ESTAS NAVIDADES ENTRARÁS EN UN SORTEO DE UN VALE PARA UN RELAJANTE SPA, QUE SE CELEBRARÁ EL 4 DE ENERO EN NUESTRA TIENDA

Avenida Fontiñas 99, 27003 Lugo. Telf. 644 046 380 / www.pequeñatienda.es / [la_pequena_tienda](https://www.instagram.com/la_pequena_tienda)

mybike Lugo

NUEVAS INSTALACIONES

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

Anuncian actuacións de renovación do alumeadado na cidade

O goberno de Lugo inicia o procedemento de contratación de dúas novas actuacións de renovación do alumeadado público, por un total de 296.431,80€ entre ambas actuacións. A primeira actuación será a renovación do alumeadado na Rolda das Mercedes e na Rolda Xosé Castiñeira, onde se renovarán as luminarias existentes por LEDs de baixo consumo, e terá un orzamento de saída de 80.591,90€ e un prazo de execución de dous meses. Substituiranse luminarias de 150W por luminarias de 85, o que permitirá aforrar 1235W ao ano, evitando emitir 1.9 Toneladas de CO2

A segunda renovación será na contorna das rúas Monte Faro e Illas Canarias, onde se renovarán as luminarias e a instalación, aumentando a cantidade de puntos de luz e o cableado. Retiraranse 55 luminarias de 150W de vapor de sodio, elemento altamente contaminante, por luminarias de 85W. En total emitiranse 5.5 toneladas de CO2 menos, e aforraranse 3575W.

Rubén Arroxo lembrou que desde a área de Mobilidade e Infraestruturas se adicaron nos últimos dous anos preto de 3 millóns de euros na renovación do alumeadado público da cidade, substituíndo luminarias con elementos contaminantes e con altos consumos de enerxía por LEDs de baixo consumo e maior capacidade lumínica, eliminando ao mesmo tempo zonas escuras e aplicando criterios como a perspectiva de xénero para aumentar a seguridade nas rúas.

AVENIDA DAS AMÉRICAS. O Goberno aprobou o proxecto de renovación do alumeadado público na



Escalinata da Estación

contorna da avenida das Américas. Arroxo explicou que “avanzamos na substitución de lámpadas obsoletas, que utilizan elementos contaminantes como vapor de sodio ou mercurio, por LEDs de baixo consumo que permiten unha mellor capacidade lumínica, reducindo zonas escuras, ao mesmo tempo que reducimos o consumo enerxético e as emisións de CO2 producidas pola rede de alumeadado do Concello de Lugo”.

Nesta actuación traballárase nun novo treito da avenida das Américas, e nas rúas Ameneiro e Pomar, onde se substituirán as luminarias actuais por LEDs. Esta nova intervención sairá a licitación cun orzamento de 314.555,50€ e un prazo de execución de 14 semanas. En total substituiranse 38 puntos de luz, o que reducirá o consumo eléctrico da rede de alumeadado público de Lugo en 2.932W.

Por outra banda, o tenente Alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, visitaron ao persoal das brigadas que están a realizar intervencións de mellora do alumeadado.

Interromperán o servizo de tren a Monforte os días 18 e 19

O tráfico ferroviario de viaxeiros entre Monforte e Lugo verase interrompido os días 18 e 19 de decembro debido ás obras de mellora que Adif leva a cabo neste corredor. Renfe estableceu plans alternativos de transporte por estradas para os viaxeiros dos servizos afectados.

Adif acometerá actuacións en infraestrutura (obras de drenaxe, pasos superiores, taludes de trincheiras e túneles) e en vía para permitir a electrificación do tramo entre Monforte de Lemos e Lugo Mercancías,

de 75 quilómetros de lonxitude.

Para realizar estes traballos, o servizo verase interrompido dende ás 22.30 horas do venres 17 de decembro ata a madrugada do luns 20, afectando polo tanto as circulacións ferroviarias dos viaxeiros do sábado 18 e o domingo 19 de decembro.

As actuacións de mellora supoñen a adaptación da infraestrutura ás novas condicións de explotación, o cambio de electrificación de 3kV a 25 kV e a electrificación a 25kV do tramo Monforte de Lemos-Lugo.

Abre ao tráfico o cruce entre a rúa Santiago e a Ronda da Muralla

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou a reapertura ao tráfico da unión da Ronda da Muralla coa rúa Santiago, unha vez rematada a construción das novas isletas que derivarán o tráfico nos distintos percorridos. Rubén Arroxo afirmou que “recuperamos totalmente a normalidade neste treito cunha nova ordenación do tráfico que xa está a demostrar unha maior fluidez nos distintos percorridos, reducindo as longas colas de vehículos que se vían aquí no pasado”.

Coa nova ordenación do tráfico rodado, os vehículos da Ronda teñen prioridade sobre os que soben pola rúa Santiago cara a Ronda, que se atopan cun Ceda o Paso. Isto únese á reordenación das rúas Cidade de Viveiro e Pascual Veiga, o que permite “contar con itinerarios máis rápidos para chegar desde este cruce ata Ramón Ferreiro en coche”, segundo



Arroxo comproba a finalización da obra

afirmou Rubén Arroxo.

Arroxo, que destacou a importancia desta actuación para mellorar a protección da Muralla, reducindo as vibracións producidas polos vehículos a motor “cumprindo coas recomendacións do ICOMOS para garantir o

mantemento da Muralla”. O tenente alcalde afirmou que “estes traballos permitiron tamén renovar a estética da Ronda á altura da Porta de Santiago, un dos poucos puntos do mundo onde conflúen tres Patrimonios da Humanidade”

O PP emendará os orzamentos do Estado para que en 2022 se faga a rotonda de Alfonso X



A zona onde se quere poñer a rotonda

Os concelleiros do Grupo Popular xunto cos deputados nacionais recriminaron “o pasotismo do PSOE para facer a rotonda de Alfonso X á altura da Nacional VI, un dos puntos negros do viarios da capital”. O voceiro popular, Ramón Carballo, acusaba á alcaldesa de faltar á verdade de forma continua aos veciños con promesas falsas de que “axiliaría esta obra”. Pola súa banda, os deputados nacionais lamentaron “o nulo compromiso do goberno de Sánchez con esta infraestrutura tal e como se demostra co feito de que non se destina nin un so euro para a súa construción nos Presupostos do Estado para 2022”.

Carballo pregúntase “onde quedou o compromiso da alcaldesa de que antes do remate deste ano xa se verían avances na licitación da obra”. Os deputados lucenses anunciaron que “á vista deste despropósito” presentaron unha emenda de modificación ao proxecto de orzamentos do estado para que se destine unha partida para construír esta infraestrutura e mellorar a seguridade vial deste punto negro en Lugo. Os deputados tamén rexistraron unha nova batería de preguntas co obxecto de coñecer “se mantén o goberno o compromiso da execución desta obra de maneira inmediata e con que partida orzamentaria se abordaría”.

Lugo renova os seus xardíns e espazos públicos con plantas de tempada

O Concello de Lugo está a realizar traballos de mantemento en parques, xardíns e zonas verdes, consistentes na plantación de plantas de tempada de inverno, cunha estimación de máis de 25.000 exemplares. Estas tarefas son fundamentais actuacións que permiten embelecer a cidade e mellorar a saúde ambiental. Neste redeseño dos espazos públicos, no que se investen 24.000 euros, aplican un tratamento integral para que as plantacións se produzan nas mellores condicións e deixar Lugo preparado para a chegada dunha época tan especial como é o Nadal.

Como planta de flor da campaña de inverno cultívanse principalmente brassicas, violas, primulas, caléndulas e cyclamens, que encherán de cor a paisaxe das rúas, parques e espazos verdes da cidade; mentres que na de verán se utilizan begonia, coleus, gazania, impatiens, surfinia, petunia, salvia, tagete, osteospermum e calibrachoa, entre outras.

Os traballos florais tiveron lugar nos espazos axardinados da Rúa Pintor Laxeiro, na Fonte do Rei, nas rotondas de Garabolos e na Praza de Santo Domingo, para dar continuación ás plantacións xa realizadas na Praza Maior e tamén xunto ao busto de Rosalía de Castro días atrás.

Segue a obra de urbanización no polígono das Gándaras

Avanzan na urbanización da ampliación do Parque Industrial das Gándaras na que se investiron 2,6 millóns de euros. A superficie resultante, de 97.654 m², fragmentarase en varios predios e suporá tamén a creación de diferentes zonas verdes, prazas e viarios.

A actuación implicou a segregación en dous predios, da denominada Unidade Funcional S – situada na rúa Juan Jacobo Durán Loriga (vial D) e Rafael Cadórniga Carro (Vial C) – cunha superficie total de 1.259.862 m², que dará como resultado unha parcela matriz de 1.162.208 m² e outra denominada Unidade Funcional S, de 97.654 m². Esta última dividirase, á súa vez, noutras parcelas de diferentes tamaños, e tamén en espazo dedicado a zonas verdes, prazas e viarios.

O Goberno autonómico explicou que se cederán ao Concello de Lugo os viais, unha praza pública de máis de 6.000 metros cadrados e unha zona de aparcadoiro de 20.000 metros cadrados para dispoñer máis de 380 prazas de aparcadoiro, que as-



Unha imaxe das obras das Gándaras

cenden a 530 si se teñen en conta as prazas dispoñibles nos viarios.

Dende o ente autonómico destacaron que estes traballos sumaron 97.691 m² de solo industrial nas Gándaras, dos que 45.290 corresponden a 12 parcelas, das que 9 teñen unha superficie de 1.000 m² cada unha e as outras tres dispoñen de 25.000, 8.990 e 2.300 m², respectivamente. A expansión posibilita a implantación de novas empresas, como Bricomart, que xa está a cons-

truír as súas instalacións nunha destas novas parcelas.

Esta terceira fase ocupará unha superficie total de 55.768 m², dos que 35.434 serán de uso industrial e comercial, repartidos en 27 parcelas con superficies que oscilarán entre 945 e 5.200 m². A meirande parte das parcelas resultantes terán entre 945 e 1.200 m², que son as máis demandadas nas Gándaras, e so dúas superarán esa superficie: unha de 2.700 e outra de 5.200 m².

Cs propón un Plan de actuación para o barrio da Residencia

O concelleiro de Cs, Juan Vidal Pardo, defende á unha proposición que ten como obxectivo mellorar a calidade da vida no barrio da Residencia. “Nos últimos meses os veciños do barrio convocaron mobilizacións nas que fundamentalmente se reivindicaban dúas cousas. Por un lado, que se dote ao barrio de novos servizos polo impacto da implantación do carril bici; e por outro, que non se leve a término a planta de biomasa que se prevé instalar no novo complexo sanitario anunciado pola Xunta. Ambas foron ignoradas”, sinalou o edil. “Respecto á planta de biomasa o rechazo popular é exactamente o mesmo que para o carril bici, moi criticado polo seu deseño”, segundo constatou Vidal-Pardo en numerosos encontros cos representantes veciñais. “Debemos recordar que este tipo de instalacións xa tiveron problemas noutras cidades por situarse cerca de vivendas”, explicou. Propoñen crear un parking público nas inmediacións da antiga Residencia valorando a posibilidade de instalar aparcamentos en superficie ou subterráneos nas parcelas de titularidade municipal ou negociar con propietarios co obxectivo de conseguir terreos para esta fin. Por outro lado, apostan por instar á Xunta a buscar unha alternativa de xeración de enerxía á planta de biomasa.

Aproban a peonalización de Rafael de Vega



Arroxo, visitando a zona a intervenir

O tenente de Alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, anunciou que o Goberno de Lugo aprobou o proxecto para peonalizar a rúa Rafael de Vega, onde se construíra unha nova zona peonil para o disfrute das veciñas e veciños da zona. Arroxo afirmou que “durante a elaboración deste proxecto mantivemos xuntanzas coas veciñas e veciños da zona, contando co seu apoio e tendo en conta as súas necesidades para transformar esta rúa e gañar unha nova zona peonil”.

O Goberno de Lugo aprobou iniciar o procedemento de licitación desta actuación, que terá un orzamento máximo de 285.842,99€ e un prazo de execución de 6 meses. “Trátase dunha zona con moita poboación pero que non conta con zonas verdes nin peonías amplas”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “con esta humanización conseguiremos un espazo de lecer necesario para a veciñanza ao mesmo tempo que se continuará a traballar na redución de tráfico rodado en toda a cidade”.

O PP pide un Programa de Aproveitamento e Usos das Infraestruturas Culturais

O Partido Popular insta ao goberno local a preparar un Programa de Aproveitamento e Usos dos Equipamentos e Infraestruturas Culturais de Lugo coa finalidade “de poñer en valor os diferentes espazos culturais municipais e sacar un aproveitamento dos mesmos programando contidos de interese para toda a cidadanía”. Esta proposta do PP se presenta o día no que se cumpre un ano e cinco meses dende que tivo lugar a recepción por parte do goberno de Lugo do novo Auditorio de Magoi.

Para os populares este documento debe ir acompañado dun estudo económico financeiro no que se describan os investimentos que se precisan tanto para o Auditorio de Magoi como para o Vello Cárcere, o MIHL e o Auditorio Gustavo Freire. Asemesmo, dende o Grupo Municipal Popular, consideramos prioritario definir o contido cultural de forma global así como clarificar cal é o modelo de xestión que queremos para esta nova nova infraestrutura”.


O Concello licitará o arranxo das 200 deficiencias coas que foi entregado o novo auditorio

O proxecto para proceder ao arranxo das deficiencias que presenta o novo Auditorio de Magoi poderá saír a licitación antes de que finalice o ano. Así o anunciou o Concello, que decidiu suspender o contrato coa empresa adjudicataria anterior debido ás continuadas demoras nas que incorría á hora de incorporar as consideracións dos técnicos municipais ao respecto das solucións máis acaídas para emendar as máis de 200 eivas coas que foi entregado o inmovible. Nestes momentos o proxecto se atopa case finalizado. O obxectivo

do Concello é poder abrir o procedemento de contratación dos traballos antes de que remate o 2021 para que as obras estean executadas antes do próximo verán. A maioría dos problemas detectados son froito, segundo os informes técnicos, tanto de problemas construtivos como da falta de mantemento que padeceu a dotación dende que rematou a obra. Atinxen a cuestións relacionadas fundamentalmente coa aparición de filtracións, defectos de relevancia nos sistemas de protección contra incendios e mesmo nas instalacións.

Ultiman a mellora da fachada do centro médico da praza de Ferrol

A Consellería de Sanidade ultima a execución de obras de acondicionamento da fachada do centro médico da praza de Ferrol, en Lugo, nas que investiu 44.800 euros. A intervención comprende tarefas de limpeza e revisión xeral, mellora de revestimentos e pintado exterior. Durante unha visita para comprobar a marcha dos traballos, o delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou que o Goberno galego abordará unha completa remodelación deste centro de saúde no marco do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, que inclúe dúas actuacións máis na cidade: a construción dun novo ambulatorio no Sagrado Corazón e a reforma do da Milagrosa. No tocante ao edificio da praza de Ferrol, Arias salientou que están pre-



O centro médico da praza de Ferrol

vistas obras estruturais para mellorar fachadas e revestimentos, cubertas, terrazas e a instalación eléctrica; así como a substitución do ascensor e das caldeiras.

Tamén se propón unha reforma interna nas plantas primeira e cuarta co fin de readaptar espazos para uso asistencial. No primeiro andar redistribuiranse as zonas para mellorar os circuitos e a funcionalidade.

Levantam a paralización na urbanización das Saamasas

O Concello vén de autorizar que se retomen as obras de urbanización das Saamasas. O decreto autoriza a continuidade dos traballos con base no ditame emitido pola Confederación Hidrográfica Miño-Río Sil no que a CHMS considera acreditado, cun informe técnico, que as tarefas pendentes de executar se atopan fóra da franxa de 100 metros do Miño, non afectan ao canle de desaugue nin infiren coas obras construídas polo organismo de bacía, nin coa explotación que este fai.

“A documentación presentada polos promotores a finais de outubro xunto coa solicitude de levantamento das medidas cautelares, permitiu a Administración local comprobar que o suposto inhabilitante xa desapareceu e, polo tanto, procedemos a comunicarlle aos interesados que poden retomar as obras no Sector SUNP Norte I xa que as mesmas, tal e como conclúe nas súas valoracións a propia Confederación, se atopan fóra da zona de servidume do leito do río e da canle

para a que se solicita a autorización, que non precisa de permiso xa que foi creada artificialmente dentro dunha valgada que non forma parte do Dominio Público Hidráulico”, indicou a edil.

Así pois, unha vez que desaparece o presuposto de feito que fundamentou a interrupción das obras, a área de Urbanismo accedeu ao levantamento da orde de paralización “indicándolle á Xunta de Compensación que, unha vez transcorrido o prazo de execución e antes de recibilas, os Servizos Municipais procederán a realizar a correspondente inspección, co fin de comprobar que os traballos se atopan totalmente rematados e se axustan ao Proxecto de Urbanización aprobado en 2014”, sinalou Alvarelos Fondo.

A área de Sostibilidade Urbana decretara en maio, en prol do interese xeral e da protección ao patrimonio de todas e todos os lucenses, a suspensión da construción desta Urbanización, por carecer da necesaria prórroga da Confederación Hidrográfica.

O Partido Popular local duda dos protocolos da recollida de folla e lixo

O vicevoceiro do Partido Popular de Lugo, Antonio Ameijide, pregunta ao goberno local por que unha empresa encargada da recollida do lixo tirou restos de botellón nunha finca de Abella e que medidas vai a tomar o goberno de Lara Méndez ante este tipo de situacións.

Antonio Ameijide preguntase “que houbera pasado se o veciño deste barrio non pillase a este camión infraganti depositando estes desperdicios” ao que engadía “esperemos que sexa algo illado”. Para os populares este caso é grave e o achacan á falta de dirección política e á situación de alegaldade na que se presta o servizo “cun contrato caducado”. Nese senso o Grupo Municipal Popular anuncia que presentará preguntas para coñecer as explicacións dadas pola empresa e as medidas que vai a adoptar o Concello de Lugo.

Recorda o concelleiro popular que esta non é a primeira vez que a empresa da recollida do lixo se ve envolta nalgún tipo de polémica e pon como exemplo cando camiións encargados da recollida do lixo e a limpeza da cidade foron vistos

prestando servizos noutros municipios da provincia, como foi o caso de Ribadeo, a pesar de que se prohibe expresamente no contrato.

Para o popular, o concello é “cómplice” desta situación xa que lles recorda que o contrato de recollida do lixo caducou o 31 de marzo de 2017 e non foi quen de facer nada por regularizar o seu estado, un contrato que nos custa a todos os lucenses preto de 8 millóns de euros cada ano. “Cómpre recordar que Lara Méndez non só leva máis de catro anos mirando cara outro lado para regularizar este contrato, xa que máis dun ano antes da súa caducidade os técnicos municipais lle enviaron varios informes urxindo que se iniciasen os trámites necesarios para a licitación do novo contrato da recollida do lixo”, apuntou.

Para os populares a realidade é que a limpeza en Lugo “é un asunto totalmente abandonado” e que “preocupa” aos lucenses xa que nos últimos anos a cidade pasou aos titulares da prensa por ser a cidade máis sucia de Galicia e unha das máis sucias de España.

O Goberno instala paneis con lendas no barrio da Ponte

O Goberno de Lugo vén de instalar seis paneis no barrio da Ponte, recompilando lendas tradicionais sobre a vida do barrio e sobre a cultura tradicional do mesmo. O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, afirmou que “queremos potenciar o atractivo turístico desta zona da cidade, que conta cunha longa historia e cun gran potencial ao atoparse na contorna do Río, ademais de contar cun gran peso patrimonial, coa Ponte Romana”. Arroxo explicou que “realizamos esta acción recollendo as solicitudes da veciñanza da zona reclamando este tipo de instalacións para mellorar a imaxe do barrio”.

A Tenencia de Alcaldía contou coa colaboración do escritor Antonio Reigosa e da ilustradora local Noemí López para a realización desta acción. Arroxo destacou “a gran calidade das ilustracións de Noe-



Un dos paneis con lendas no barrio da Ponte

mí López e o destacable traballo de Antonio Reigosa no eido da investigación da mitoloxía popular e da tradición oral”.

O Tenente Alcalde animou a toda a veciñanza a pasear polo barrio da Ponte e “coñecer as lendas relacionadas co Río”, e destacou o

compromiso o “para achegar á veciñanza ao barrio da Ponte conectándoo co resto da cidade, creando unha ruta peonil que remata no Cemiterio Municipal, un dos maiores atractivos turísticos da zona, recoñecido con múltiples premios a nivel estatal e internacional”.

Comezaron as obras do paso subterráneo baixo a N-VI

Comezaron as obras para a renovación e ampliación do paso subterráneo baixo a estrada Nacional VI e a humanización da súa contorna, que contan cun investimento municipal de 865.000 euros e un prazo de execución de 5 meses.

Esta actuación enlaza con outros proxectos como a construción da nova pasarela peonil, cuxas obras están a piques de rematar, ou a peonalización da Calzada da Ponte, o que axudará a poñer en valor a riqueza natural e patrimonial desta zona da cidade.

“Así mesmo, buscamos favorecer o acceso á zona do río e ás instalacións e servizos da súa contorna dende o centro da cidade, reducindo o uso dos vehículos particulares e, polo tanto, as emisións de CO2 e a contaminación”, engadiu.

Este mesmo luns levouse a cabo o valado da zona e nos vindeiros días comezaranse a executar o desvío e soterrado das redes de servizos afectadas (Begasa, R, Correos e Telefónica), así como o desvío das canalizacións de auga existentes e, posteriormente, executarase un desvío provisional de tráfico.

A continuación procederase a demoler a actual estrutura para executar unha nova, que duplicará as súas dimensións, e incluírá a integración do leito existente. Finalmente, levaranse a cabo os traballos de iluminación, adecuación da senda, sinalización e instalación de



Unha imaxe do proxecto

mobiliario urbano.

ACTUACIÓNS A EXECUTAR. As obras contemplan a demolición do actual paso inferior, feito de formigón, e a execución dunha nova estrutura de paso, cun gálibo horizontal e vertical máis amplos, o que diminuírá o efecto túnel e farao moito máis agradable e seguro para o usuario, con perspectiva de xénero. Neste senso, dobrarase a anchura, pois dos 4,5 metros actuais pasará a 8, e a altura será máis do dobre, pasando dos 2 metros actuais (nos extremos) a 5,3 metros. Previamente ao inicio dos traballos de demolición do actual paso inferior, habilitarase un desvío provisional da N-VI para non interromper o tráfico. O desvío proxéctase con sección similar á existente, con carrís de 3,50 metros de anchura e

beiravías de 1,5 metros, tendo en conta o elevado tráfico da estrada, de máis de 25.000 vehículos diarios. Este desvío realizarase pola marxe esquerda da estrada, sentido A Coruña.

ILUMINACIÓN. Unha vez liberado o espazo e trala demolición do actual paso, levarase a cabo a execución da nova estrutura, repoiñerase a iluminación e servizos na N-VI e tamén se reporá o valado. Tras a finalización destas obras levarase a cabo a reapertura ao tráfico e o levantamento do desvío provisional, que pode durar entre dous meses e medio e tres. Por outra banda, o proxecto tamén contempla a adecuación da senda peonil que conecta a explanada situada ao norte da Nacional ata o hostel San Lázaro, con unión a Calzada da Ponte.

Adxudicada a obra da pasarela do centro de saúde de San Roque

Vén de adxudicarse a construción da pasarela do centro de saúde de San Roque, en Fontiñas, segundo anunciou o tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo. O Goberno de Lugo aprobou hoxe a adxudicación da obra por un orzamento de 220.013,95€.

A empresa que presentou a mellor oferta, Urbaconsa Lugo, terá un prazo de 4 meses desde que comecen os traballos para construír esta nova infraestrutura.



O centro de saúde de San Roque

“Desde a nosa chegada ao Goberno Municipal tratamos de dar a mellor solución posíbel a esta solicitude que a veciñanza da zona levaba moito tempo realizando”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “desde a área de Mobilidade estudamos as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, especialmente importante na unión do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda”.

A solución plantexada pola área de Mobilidade pasará por crear unha pasarela que una o comenzo da rampa que dá acceso ao centro médico coa parte alta da escalinata Primavera, pasando por riba da entrada do carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa vixentes sobre accesibilidade e permitindo o paso de

vehículos pola parte inferior. A pasarela terá un gálibo de máis de 4 metros, o que permitirá a circulación de vehículos pola súa parte inferior. A lonxitude total será de 34,68 metros. A nova pasarela permitirá, segundo declarou o tenente de Alcalde, “unir o centro de saúde e as rúas Primavera e Peña Anda cun percorrido practicamente plano”.

Humanizarán Paradai coa creación dunha nova zona de descanso

O Concello de Lugo humanizará Paradai coa creación dunha nova zona de descanso na confluencia de Río Sil, Hórreo e Ferro Caaveiro. Esta actuación terá unha tripla vertente: urbanística, social e de servizos para rexe-nar a contorna, incrementar as dotacións e favorecer a convivencia cidadá. A obra, terá un prazo de execución de tres meses e suporá un investimento de 48.373 euros.

A intervención terá lugar nunha parcela municipal, catalogada como zona verde, de 134'22 m², que se sitúa na intersección das devanditas vías, polo que resulta un punto de paso obrigado para as persoas que precisen desprazarse dunha parte á outra.

Nese enclave e segundo relataron crearase un pequeno percorrido peonil circular, cunha traza en planta semellante a un oito, que disporá dun banco continuo da mesma forma. Este conxunto encerrará unha gran árbore cuxa misión será a de proxectar sombra sobre a superficie de asento. Igualmente contará con iluminación indirecta para achegar calidez nocturna ao espazo reformado. Este espazo irá dotado con iluminación led no perímetro do mobiliario e con balizas e luminarias empotrables.

Os labores comezarán coa retirada do pavimento existente e a creación da nova zona verde así como a cimentación da estrutura prevista. O asento estará revestido dun laminado



compacto decorativo de alta presión. Con este tipo de elemento preténdese crear un percorrido circular dentro da pequena praza. Toda a superficie exterior ao mobiliario exposto dentro

da zona de actuación converterase nun manto de céspede ornamental e a área interior que pecha o muro acollerá un xardín que terá como protagonista principal unha gran árbore.

Rematan as obras en Río Sil

Vén de comezar a renovación da parte inferior da rúa Río Sil, na unión coa avenida Infanta Elena. Rubén Arroxo explicou que “nos últimos meses reordenamos o tráfico nesta rúa, poñendo fin a un dos puntos negros máis importantes de Lugo e agora continuamos a mellorar esta zona para dar unha solución definitiva que mellore tamén a estética da zona”.

O Tenente Alcalde lembrou que “realizamos distintas probas para atopar a mellor maneira para ga-

rantir a fluidez do tráfico e a seguridade viaria e da veciñanza nos cruces da rúa Río Sil”, e explicou que “despois das probas, o treito de Río Sil que circula entre Río Cabe e a rúa Monforte pasou a ser unidireccional dado que foi a solución máis viable tecnicamente”. Os traballos consisten na mellora estética da zona afectada. Ampliárase a beirarrúa, creando un novo espazo para o disfrute de toda a veciñanza no treito que se pechou á circulación de vehículos.

Renovan a pavimentación da contorna da catedral lucense

O tenente alcalde e responsábel da área de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, informou dos traballos que se están a realizar na contorna da catedral, de cara a mellorar a pavimentación da zona. “Trátase dunha pequena intervención que nos vai permitir mellorar a imaxe dunha zona moi concorrida do centro da cidade cuxo pavimento estaba xa moi desgastado”, explicou Rubén Arroxo.

Os traballos a realizar consisten na renovación do empedrado da zona, que se atopaba nun avanza-

do estado de deterioro e mostraba baldosas rotas e afundidas. Desde a área de Mobilidade e Infraestruturas planificáronse os traballos buscando reducir ao máximo as molestias á veciñanza garantindo o paso pola zona.

O tenente alcalde explicou que “desde o Goberno de Lugo seguimos a traballar para mellorar os espazos públicos con este tipo de pequenas actuacións, que non supoñen un grande custo para o concello, e que benefician a toda a veciñanza e ás persoas que nos visitan”.



ASEO AUTOLIMPABLE. O aseo autolimpable, instalado no parque Rosalía de Castro, nun dos laterais do xardín na contorna da avenida García Portela, xa está en funcionamento.

Substituídas as tubaxes na rúa Marqués de Ombreiro




Remataron as obras de substitución do fibrocemento que o executivo municipal lucense puxo en marcha na avenida Marqués de Ombreiro cun investimento de 87.719 euros. Esta actuación permitiu renovar un total de 35 acometidas na marxe dereita da vía, substituíndo as tubaxes existentes por outras de fundición, máis resistentes e duradeiras.

A intervención enmárcase dentro do plan municipal para erradicar a presenza de fibrocemento nas canalizacións da cidade con actuacións sobre 250 acometidas e 4.080 metros de tubaxes en 14 rúas.

Os traballos inclúen, ademais da substitución das canalizacións, a renovación completa das beirarrúas, que suman 6.550 metros de pavimento, actuando, de forma integral, sobre estas vías.

Actualmente, ademais de en Marqués de Ombreiro, xa remataron os traballos na rúa Rei don García, nas rúas Bataneira e Figueira, e na rúa Escultor Asorei; e atópanse avanzadas nas rúas Armórica, Aviación Española e no Barrio da Cheda, que inclúe as rúas Río Landro, Eume, Pousadela, Masma, Sar, Pambre e Azumara.



A vidreira do Museo de Lugo loce renovada

A vidreira que ilumina a escaleira principal do Museo de Lugo loce renovada tras os traballos de restauración que se levaron a cabo para resolver os problemas de conservación que presentaba, especialmente nos materiais e na estrutura de montaxe dos paneis.

O resultado da intervención, realizada pola empresa especializada Granda&Mena e supervisada polo departamento de Restauración do Museo de Lugo, presentouse este martes nun acto no que estiveron presentes a vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, a directora do Museo de Lugo, Aurelia Balseiro, e xerente da Rede Museística, Encarna Lago, e máis as dúas restauradoras que executaron os traballos, Isabel Mena e Alba Labrador. Os traballos centráronse na limpeza dos paneis policromados e na consolidación da montaxe, que presentaba os maiores danos na parte inferior. Durante a actuación, desveláronse intervencións de mantemento anteriores e detalles de como foi

construída e montada, en 1954, tres anos antes de que o edificio do antigo convento de San Francisco se inaugurase como Museo de Lugo (ata daquela, o Museo estaba no Pazo de San Marcos).

A directora do Museo de Lugo, Aurelia Balseiro, dixo que “a culminación duns traballos cos que se recupera e pon en valor a vidreira e con ela o conxunto do edificio” que, lembrou, ten a consideración de Ben de Interese Cultural desde 1962”. Nese punto, sinalou a “importancia dos traballos de conservación preventiva”, así como outras actuacións que se teñen realizado neste ámbito nos últimos meses, entre eles, a remodelación da sala monográfica dedicada a Julio Prieto Nespereira que supuxo a substitución do enmarcado e a revisión do estado de conservación da obra exposta do artista no Museo de Lugo.

Os traballos de restauración desenvolveráronse durante un mes, requirindo unha andamiaxe que se retirou a pasada semana.

Reabre o local social de Montirón



Un magosto serviu como acto de reapertura do local social de Montirón, logo da recente reforma. Unha rehabilitación que se fixo de acordo ás peticións que a Asociación Praza das Illas deste barrio. A reforma tivo por obxecto atallar a aparición de pequenas humidades e revertir a pegada do tempo, es-

pecialmente nestes últimos meses cando tivo que estar pechado. Leváronse a cabo traballos como a apertura de ocos de ventilación na base da edificación, o pintado do teito e os barroteos do interior, a colocación de parqué flotante e mesmo outras tarefas como o selado do zócalo ou a roza perimetral.

Unha web achega información en tempo real sobre o bus urbano

O tenente Alcalde, Rubén Arroxo, presentou o portal de información en tempo real do servizo de bus urbano, urbanoslugo.com. “Continuamos avanzando na modernización do transporte público de Lugo, habilitando o seguimento en directo das liñas desde esta web, na que a veciñanza poderá ver en tempo real canto falta para que o bus chegue á súa parada”. Neste primeiro lanzamento, a web da a información en tempo real de 275 paradas, “a totalidade das paradas da zona urbana, as máis concurridas do servizo de transporte público”.

A través desta web, as veciñas e veciños poden obter toda a información relativa ao bus urbano, como o mapa de liñas, información sobre as tarifas ou sobre a tarxeta cidadá. Rubén Arroxo destacou que “continuamos a mellorar o bus urbano de Lugo, que co novo modelo permite que practicamente toda a veciñanza de Lugo teña conexión directa co HULA ou coas áreas industriais”. A web únese ás 23 pantallas colocadas nas principais pantallas

Co novo modelo de transporte público, 80.000 veciñas e veciños de Lugo contan con conexión directa co HULA, o dobre que os 40.000 do modelo anterior. O CEAO aumenta as conexións coa veciñanza do mesmo xeito, pasando de 40.000 persoas que tiñan bus para a zona industrial co antigo modelo a 70.000 co actual. O Tenente Alcalde lembrou que “co novo modelo estamos a utilizar prac-



O concelleiro de área, presentando a nova web do bus

ticamente a totalidade da bolsa de Km contemplada no contrato asinado polo anterior goberno o que non nos permite engadir máis metros de percorrido nunha zona sen retiralos noutra”.

USUARIOS DO TRANSPORTE.

Rubén Arroxo anunciou que en torno a 6.500 persoas usan o bus cada día. Arroxo explicou que “os estudos realizados polo INE sobre o uso do transporte público están a publicar baixadas dun 30% de media en todo o estado con respecto a antes da pandemia, unha baixada que é inferior nos datos do transporte público de Lugo”.

TARXETA CIDADÁ. Arroxo animou á veciñanza que aínda non ten a tarxeta cidadá a facela para “axilizar as paradas do bus e aforrar no prezo de cada viaxe”. O Tenente Alcalde destacou que “Lugo ten o transporte

máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado”.

Pagando con tarxeta cidadá, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64€ a 0.45€, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31€ no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida. O prezo do transbordo tamén é inferior, pasando a valer 0.19€ sen bonificacións ou só 0.10€ no caso do transporte bonificado, o que permite aforrar ata un 50% no prezo do transporte público. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09€ nunha oficina de Abanca. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5€, cun máximo de 60€.

O Grupo Popular pedirá unha partida orzamentaria para o Paseo Interior da Muralla

O Grupo Popular pedirá que nos orzamentos municipais para 2022 haxa unha partida suficiente para completar o Paseo Interior da Muralla así como axudas para mellorar as traseiras dos edificios que dan cara ao monumento romano. Carballo insta ao Concello para que “se tomen en serio esta actuación xa que podería supor un plus para conseguir que o casco histórico sexa declarado Patrimonio da Humanidade.

O voceiro popular explicou que dende o adarve da Muralla visualízase “unha imaxe de abandono do Paseo Interior, que quedou a medias, e do que non hai proxectos para rematalo”. Carballo indicou que “se se avanza en completar esta ronda interna tamén se melloraría a imaxe das

traseiras dos edificios que poderían converterse en fachadas principais”. Nese senso, dende o PP propoñen unha liña específica de axudas.

O popular lamentou que pola loita de liderazgos entre PSOE e BNG perdesen a oportunidade de dedicar fondos europeos para esta intervención e os estean gastando en proxectos absurdos como as caldas de auga do grifo quentada cun quentador ou un carril bici cun trazado absurdo. Tiveron nas súas mans os cartos para deseñar un Lugo do século XXI e o que nos ofrecen son proxectos a parches. Nós cremos que é o momento de transformar unha zona, que agora está degradada, nun espazo para o disfrute dos cidadáns e que sirva de reclamo para os turistas.

Comeza a retirada das cabinas telefónicas inutilizadas

Vén de comezar a desmontaxe das cabinas telefónicas da cidade. Dun total de 32 cabinas telefónicas repartidas por toda a cidade quedaran instaladas aquelas que mantiñan entre 10 e 30 chamadas mensuais que son as situadas en Rúa Quiroga, Ronda de Paradai e fronte a estación de autobuses na praza da Constitución. Arroxo explicou que “a lexislación vixente permite a retirada das cabinas que non foron utilizadas no último ano ou as que non funcionan”.

O Tenente Alcalde afirmou que “comezaron os traballos de desmontaxe das cabinas, que se están a executar coordinadamente entre Telefónica e as brigadas municipais”, e engadiu, “nos vindeiros días retiraranse as cabinas abandonadas das distintas zonas, o que permitirá mellorar a imaxe da cidade e o benestar das veciñas e veciños. Lugo contaba con 32 cabinas desde as que se realizaban 0 e 10 chamadas ao mes, e supoñían un problema para a accesibilidade.

O Concello manterá un encontro cos titulares de vaos de uso temporal

A área de Facenda Local do Concello de Lugo cuantificou xa o número de persoas que se puideron ver afectadas polos cambios realizados en 2020 na Ordenanza municipal no que ten que ver coa regulación do uso temporal dos vaos: 48 dun total de 4.026 que neste momento se atopan en vigor no municipio.

A concelleira da área económica, Paula Alvarellos, convocará ás persoas titulares destes permisos aos que a actualización da normativa lles supuxo un incremento da súa contía, co obxecto de manter unha encontro para escoitar as súas demandas e buscar unha solución á súa situación. “Unha das directrices do Executivo de Lara Méndez é sempre reunirmos coa veciñanza para abordar todas aquelas cuestións que lles preocupen e tratar de conciliar as solucións”, sinalou a edil.

A modificación aplicada na taxa por

aproveitamentos especiais da vía pública atingiu, fundamentalmente, á supresión das categorías fiscais das rúas, “en tanto o custo que ten para a Administración local prestar este servizo – facer o rebaixe da beirarrúa, instalar a placa, enviar o guindastre a retirar un turismo mal estacionado, etc – é o mesmo en calquera punto da cidade, xa sexa na rúa da Raíña ou na Piringalla”, sinalou como exemplo.

Do mesmo xeito, Alvarellos Fondo recordou que existían tres sentenzas que recomendaban ao Concello actualizar o prezo das taxas municipais, logo de décadas conxeladas.

“A vontade do Goberno local non era, precisamente, a de subir os tributos – senón a de cumprir os ditames – e menos aínda nesta Ordenanza na que estimabamos unha recadación similar á do exercicio anterior”, aclarou a concelleira.

Benestar incrementa nun 40% a partida do servizo Xantar no Fogar

O Concello de Lugo, a través da área de Benestar Social destinará en 2022 unha partida de 224.215 euros ao servizo de Xantar no Fogar. Este orzamento presenta un incremento do 40% con relación á cantidade destinada no ano en vigor, cando xa se consignara o dobre (160.000 euros) do previsto a inicios do mandato (80.000 euros), ante o crecemento da demanda que ocasionou a pandemia.

O servizo pasou de 72 persoas usuarias en 2019 (e 18.944 menús), aos 121 beneficiarios e beneficiarias que se atenderon co inicio da crise sanitaria (21.939 xantares).

De maneira que o novo prego que rexerá a prestación, aprobado na última Xunta de Goberno celebrada, inclúe xa a elabora-

ción dun mínimo de 41.292 menús anuais.

Pola súa banda, a concelleira Benestar, Olga López Racamonde explicou que “puntuaranse como mellora, as comidas adicionais que se ofrezan e o incremento nun día do reparto (pasando de dúas a tres xornadas de distribución) pero tamén a entrega, a cada persoa usuaria, dun litro de leite e outro de zume de froitas á semana así como a rotación que se faga da carta ou a inclusión na mesma de maior variedade de dietas como a vexetariana, vegana, sen carne de porco ou sen carne de vaca”.

O servizo municipal preparará cada mañá os pratos de todas e todos os comensais, respectando as indicacións sanitarias que recolle o seu historial clínico.

O Goberno local abona 1.111 facturas a varios provedores municipais

O Concello de Lugo abonou entre xullo e setembro de 2021 un total de 1.111 facturas, principalmente a pequenos e medianos provedores, por valor de 12.602.021 euros, o 82'09% deste importe dentro do prazo legal establecido.

Esta é a principal conclusión – segundo sinalou a edil de Gobernanza – do informe de morosidade do terceiro trimestre do ano, no que tamén se pon de manifesto a solvencia económica da administración local que nos últimos tres meses rebaixou a 46'55 días o período medio de pago estimado (PMPE), dentro dos 60 que determina a lei.

“O documento constata que nes tres meses do exercicio, grazas á implantación dos protocolos de traballo internos que estamos a aplicar, fomos quen de incrementar a cantidade de diñeiro que se paga en prazo aos provedores municipais, pasando do 76'47% ao 82'09 % con respecto ao primeiro trimestre.

Comezaron as obras de reforzo da estrada Romeán-Bascuas

Comezaron as obras de reforzo do firme da estrada Romeán-Bascuas, que suporá actuar na totalidade desta vía, a LU-106, que ten unha lonxitude de 4,6 quilómetros.

As obras consistirán no reforzo do firme cunha capa de rodaxe de mestura bituminosa en quente, co que se mellorará notablemente o pavimento da vía, así coma a súa condución e a seguridade dos usuarios e contan cunha inversión de 205.859 euros, con cargo ao plan de conservación.

Ademais, a intervención nesta estrada, que une ámbalas dúas parroquias coa LU-530, completárase con outras actuacións de mellora da seguridade viaria, como o repintado da sinalización horizontal e a limpeza de gabias, que teñen por obxecto mellorar as actuais prestacións da vía en beneficio dos usuarios.

As obras está previsto que acaben nun prazo de cinco ou seis días, dependendo da climatoloxía das vindeiras xornadas. Para o delegado territorial “o remate destas actuacións, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dá resposta ás reivindicacións dos veciños e veciñas das parroquias lucenses de San Pedro de Romeán e Santa María de Bascuas”.

Un castiñeiro lucense foi incorporado ao Catálogo galego de árbores senlleiras



O castiñeiro da Casa Fragueiro

Un castiñeiro de Lugo foi incorporado ao Catálogo galego de árbores senlleiras xunto cunha sobreira localizada no concello pontevedrés de Redondela. Así consta na resolución publicada no DOG.

O castiñeiro Casa Fragueiro, está localizado no lugar de Riazón-Ombreiro, no Concello de Lugo. Aínda que moitos autores aseguran que o castiñeiro foi unha especie introducida polos romanos na Península Ibérica, estudos científicos indican que é unha árbore autóctona

que xa estaba presente en Galicia antes das últimas glaciacións.

Neste caso concreto, chama a atención sobre todo polas súas características dendrométricas, é dicir, polo seu porte, dimensións e forma. Trátase dun castiñeiro enxertado co tronco grosso que se ensancha desde a base ata os tres metros aproximadamente adoptando formas caprichosas que fan del un exemplar de gran beleza e tamaño: máis de 12 metros de alto e 8 metros de circunferencia.

O gandeiros ameazan cun boicot a Lactalis e Larsa polos baixos prezos de compra do leite



Unha das concentracións realizadas ante as lácteas

Os gandeiros volveron manifestarse en Outeiro de Rei ante a sede de Larsa polos baixos prezos que se están a pagar do leite en orixe.

Xunto a unhas pancartas os gandeiros subliñaron “os abusos” que se están a producir polas industrias lácteas como complemento a outra concentración similar realizada a pasada semana ante a sede da outra láctea, Lactalis, esta situada en Vilalba.

“Os prezos do leite están subindo en Europa, pero non en España e, menos aínda, en Galicia. Os datos do propio Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de España apuntan

que as granxas non cubren custos, e así nolo recoñeceu o número dous dese departamento hai escasos días. Esperamos que o goberno cumpra co anunciado e impulse canto antes inspeccións e sancións para facer cumprir a Lei de Cadea”, explicaron nun acto no que queimaron tamén pneumáticos e palla.

Os gandeiros anunciaron tamén que promoverán un boicot precisamente contras estas dúas empresas lácteas, Lactalis e Larsa, que recollen un 35% do leite que se comercializa en Galicia, se estas non aumentan os prezos de compra en orixe.

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba un orzamento de 100 millóns de euros

O Pleno da Deputación aprobou este martes o Orzamento da institución provincial para o vindeiro ano 2022, que supera os 100M€. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez, subliñou na sesión plenaria que os presupostos “están feitos dende o rigor, por un Goberno sólido que ten un proxecto moi claro para a provincia, e que están pensados para seguir mellorando e ampliando os servizos públicos, sobre todo no rural, e continuar apoiando a recuperación económica da provincia, en colaboración cos concellos e co tecido social e económico”. “Para elo”, explicou, “reforzamos as catro grandes liñas de actuación que temos marcadas dende o inicio do mandato: políticas sociais, cooperación cos concellos, apoio aos sectores produtivos e mellora da mobilidade”.

A Deputada lembrou que estes Orzamentos son os máis altos da última década, e cualificounos como “claramente investidores e sociais”, porque os capítulos que máis suben son os de investimentos reais, transferencias de capital e gastos en bens e servizos, ademais das partidas vinculadas ás políticas sociais.

No seu conxunto, o presuposto sube en máis de 7,7M€, o que supón un incremento superior ao 8% con respecto aos deste ano 2021, sobre todo debido ao aumento das achegas do Estado, que medran en 6M€. Así mesmo, a Deputada de Economía destacou que os Orzamentos sometéronse a debate e aprobación

“en tempo e forma para que poidan entrar en vigor a principios do mes de xaneiro, unha prioridade que nos marcamos como Goberno porque só así son realmente útiles e eficaces para a provincia”.

POLÍTICAS SOCIAIS. A Deputación de Lugo dedica máis dun terzo do total do Orzamento a Políticas Sociais, “que son xa un sinal de identidade desta institución”, explicou Mayra García. Son 34M€ -aumentando máis dun 12% respecto ao ano pasado-, destinados a servizos sociais e benestar, igualdade, cultura, deportes, mocidade, memoria histórica, emprego ou educación.

O maior incremento prodúcese no caso dos Centros de Atención a Maiores, cun 20% máis de orzamento que neste ano 2021, ata acadar preto de 10M€, porque “continúamos despregando a rede provincial de residencias públicas”, explicou a Deputada.

A previsión do Goberno provincial para o ano 2022 é poñer en marcha as residencias de Navia de Suarna e Ribas de Sil, ademais de continuar traballando noutros proxectos que están marcha, como os da Pontenova, Portomarín, Guitiriz, Becerreá, A Pobra do Brollón, Ourense, Folgoso do Courel ou Ferreira de Pantón.

A Deputada de Economía lembrou que a Xunta de Galicia continúa sen aportar recursos económicos, nin para a construción, nin para o funcionamento das residencias provinciais. Xunto aos centros de maiores, no

Orzamento do ano 2022 contan con dotación de recursos o servizo de Teleasistencia Domiciliaria e o Servizo de Axuda no Fogar, con 2M€, neste caso a través do Plan Único.

Tamén no eido das Políticas Sociais, a Deputada de Economía destacou que o vindeiro ano mobilizaranse 9,4M€ para emprego, un 5% máis ca este ano.

COOPERACIÓN. “Nestes dous anos que levamos gobernando reforzamos o papel da Deputación como unha administración fundamental para achegar servizos ós veciños a través da cooperación cos concellos”, asegurou a Deputada. O principal instrumento de cooperación da institución provincial, o Plan Único, está dotado con 11M€ no Orzamento, que se elevarán ata os 21,5M€ coa incorporación de remanentes, como se fixo ata agora.

A Deputada confirmou tamén que a institución provincial seguirá concorrendo de maneira directa ós fondos europeos para impulsar a recuperación social e económica, en colaboración coas entidades locais.

SECTORES PRODUCTIVOS. A titular da área de Economía, Recadación e Facenda subliñou que o apoio aos sectores produtivos estratéxicos da provincia de Lugo e a aqueles que máis sufriron e sofren o impacto da pandemia é outro dos piares dos Orzamentos do 2022. Desta forma, a Deputación continuará co Plan de Impulso da Economía da Provincia.



PREMIO COGAVE. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi distinguido co premio Crer no Movemento Veciñal que lle entregou a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave).

Destacou a subida dun 23%, ata os 3M€, das partidas destinadas a accións e proxectos de apoio ao sector primario, entre elas, a Granxa Gayoso Castro, que contará cun orzamento superior ós 1,7M€, un 12% máis ca este ano.

En canto aos fondos para turismo, suman 3M€ para continuar potenciando “outra das actividades estratéxicas da nosa provincia”. Mayra García destacou o servizo de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra, ademais do apoio económico que dará a Deputación de Lugo á Mancomunidade de Municipios da Mariña e ao Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para levar a cabo os Plans de Turismo Sostible que lles concedeu a ambas entidades o Ministerio de Turismo.

Tamén incidíu nas partidas vinculadas coa conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible, que superan os 4M€, un 20% máis ca neste ano 2021.

Como proxecto destacado en relación co turismo e co medio ambien-

te, a Deputada aludiu ao Parque Central de Galicia, un gran espazo público que está creando a Deputación para poñer en valor o centro xeográfico galego, en Nugallás, en Antas de Ulla, e que será unha realidade o vindeiro ano.

MOBILIDADE. O Goberno provincial demostra no presuposto que a mellora da mobilidade é unha prioridade. Suben un 7% o investimento en estradas, ata chegar aos 17,3M€, destinados a tarefas de mellora, desbroce, conservación e mantemento da rede viaria provincial, a máis extensa de todo o Estado e tres veces maior ca da Xunta en Lugo.

Por outra banda, na sesión plenaria deste martes, tomou posesión como Deputado José Fernández Vázquez. O concelleiro de Samos polo Partido Popular releva así a José Antonio García. Fernández Vázquez prometeu o seu cargo sobre a Constitución e recibiu o diploma acreditativo e unha réplica da medalla que distingue aos representantes provinciais.

Urxe á Xunta a reformular a Atención Primaria e impulsar os xeodestinos

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a reformular a Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde (Sergas) co obxectivo de que sexa máis eficiente en canto á atención á veciñanza e á xestión.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que dende hai un tempo existen numerosas reivindicacións e queixas por parte de pacientes e traballadores pola deficiencia de recursos materiais e humanos “froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular na Xunta de Galicia e, no seu momento, polo Goberno de España”. Indicou que “Galicia afronta a situación cun problema de persoal

grave no sistema sanitario público” e engadiu que “temos sensación de desatención ante a precariedade da nosa sanidade”.

A administración provincial insta a que se reforce o cadro de persoal con máis especialistas e pide a mellora das condicións de eventualidade para os profesionais do Sergas, facendo contratos máis estables. A voceira socialista do Goberno tamén puxo o foco en que se debería implantar unha xerencia de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI), dotándoa de recursos e autonomía de xestión, á vez que se promova a conexión entre os ser-

vizos de saúde mental e a atención primaria.

No Pleno tamén saíu adiante unha proposta socialista para instar á Administración autonómica a abrir un proceso de diálogo cos concellos e deputacións para clarificar a situación real do actual mapa de xeodestinos.

“Queremos que o mapa que se acorde ou se aprobe en colaboración cos concellos teña un carácter oficial e teña o visto bo do Parlamento e se publique no Diario Oficial de Galicia, como pasos previos para actualizar a información oficial na web de Turismo de Galicia”, explicou a voceira socialista do Goberno.

Arranca a nova campaña para animar as compras no comercio local na provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, mantivo un encontro co secretario Xeral para o Reto Demográfico do Goberno de España, Francesc Boya, no Centro de Atención a Maiores de Castroverde, co fin de mostrarlle in situ o modelo asistencial ás persoas maiores que a institución provincial ten implantado en colaboración cos concellos como unha “verdadeira medida de apoio ao rural, unha acción real para fixar poboación nas nosas aldeas e pobos e, polo tanto, unha iniciativa eficaz para afrontar o reto demográfico”. O presidente subliñou que na Deputación de Lugo “convertemos unha

situación adversa, como é a alta taxa de envellecemento da provincia, nunha oportunidade de desenvolvemento sostible, grazas a un modelo asistencial ás persoas maiores que garante o benestar e tranquilidade dos residentes e das súas familias, favorece o arraigo, e crea emprego e actividade económica”.

Con respecto ó benestar e tranquilidade dos usuarios, José Tomé explicou que este obxectivo é posible porque o modelo de xestión provincial é 100% público, polo que pon ás persoas no centro da atención. Así mesmo, lembrou, “a atención é practicamente personalizada”.

AO NOSO CARÓN

friol

Comeza unha campaña para impulsar o comercio rural

O grupo Envaco a través da plataforma Ruralsell proxecta a implantación das súas futuras instalacións de loxística para o 2022 con sede no Polígono Industrial de Friol.

A previsión é a creación dunha central loxística duns 1.500 m2 acondicionada para almacenar produtos diversos incluíndo frío. Expóndose un investimento de preto de 500.000 euros nunhas instalacións que ademais contarán cos últimos avances tecnolóxicos. Inicialmente contémpase a creación de 10 postos de traballo directos dos cales o 50% serían ocupado por persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, á vez que indirectamente se pretende xerar outros 10 postos de traballo na comarca.

José Á. Santos séntese orgulloso de que o Grupo Envaco co prestixio recoñecido a nivel nacional, contase con Friol para implantar a súa actividade, desando á vez que este proxecto que acaban de presentar



fágase realidade na maior brevidade posible. O Alcalde confirma a aposta polo Marketplace Gallego, sendo esta correspondida por Ruralsell que se manifesta orgulloso por contar con institucións que apostan de forma "Real" polo rural Gallego, sendo Friol un claro exemplo de que moitos pequenos apostando por estas iniciativas fanse grandes.

Por outra banda, o Marketplace RuralSell inicia unha campaña de

sensibilización e solidaria que terá o seu punto de partida no Concello de Friol.

Durante parte do mes de decembro percorrerá as diferentes cidades de Galicia cun Estand informativo á vez que recollerá xoguetes para ser posteriormente doados mediante a súa páxina web [https:// ruralsell.com](https://ruralsell.com) a todas aquelas familias que acrediten as súas situación de desemprego ou familia numerosa.

O PP di que o tecido produtivo sofre os prezos actuais da enerxía e os pensos

"O tecido produtivo lucense atravesa unha situación moi complicada, debido, entre outros factores, o encarecemento da enerxía eléctrica e o gasóleo. Un dos sectores máis prexudicado é o gandeiro", como sinala o portavoz popular na Deputación, Javier Castiñeira, que dende Friol, e en compañía do alcalde, José Ángel Santos, anuncia a presentación dunha iniciativa na Deputación para que o Goberno cambie de estratexia, tanto na política enerxética como na laboral e tributaria.

Castiñeira di que "o tecido económico, produtivo, sofre é un feito. O grupo provincial do PP leva meses denunciando esta situación, incluso anos poñendo de relevo o mal momento que pasa a nosa industria, os problemas que ten o sector pesqueiro, as dificultades da construción, os atrancos que padecen os nosos comerciantes. Dende Friol, queremos falar dun dos sectores máis afectados: o gandeiro, que é moi importante para a economía lucense".

O PP demanda "un cambio da política do Goberno, da nefasta política enerxética que eleva os custos de produción, porque sube o prezo do gasóleo e da luz, o que provoca encarecemento dos pensos".

Realizan unha camiñada para amosar o modelo de aldea real



O Bloque Nacionalista Galego en Friol organizou unha camiñada cunha conversa-debate sobre os modelos de aldea real, a que partiu desde a Torre de San Paio de Narla, pasando polos lugares de Castronela, Eirexe, Condes ou Guimarei.

A produción sustentábel, os modelos de ordenación do territorio ou a aldea como eixo fundamental de asentamento foron as temáticas que se reflexionaron durante esta actividade.

Con este debate ao pé da cuestión, o BNG reflectiu a necesidade de pór de manifesto os diferentes modelos de aldea reais que existen en Galiza e como está a afectar as políticas do Partido Popular á fronte da Xunta neste eido.

A responsábel do BNG en Friol, Loli López, destacou a importancia de aplicar políticas que sexan verdadeiramente positivas para o rural "a aldea modelo que está a impor o PP na Xunta non é máis que pura cosmética, precisamos aplicar políticas que constrúan un rural vivo no que poidamos vivir e traballar e non como un lugar anecdótico e singular".

Neste sentido, a nacionalista subliñou as grandes potencialidades que posúe Friol "na camiñada vimos proxectos e modelos que son posibles cun xiro de rumbo, precisamos facer grande o noso rural para desenvolver plenamente o noso país, en Friol temos potencialidade de sobra para garantir un futuro digno e próspero no rural".

O GDR inviste 470.000 euros en axudas a iniciativas empresariais



A Casa da Galbana, unha das iniciativas nas que se investiu

O Grupo de Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo aprobou na súa última Xunta Directiva as axudas solicitadas polas persoas empresarias, emprendedoras, asociacións e entidades locais que presentaron as súas solicitudes en 2021-2022 dentro das zonas rurais Leader que xestiona os municipios de Castroverde, Friol, Outeiro de Rei, Guntín, Rábade, O Corgo e a zona rural de Lugo.

Segundo o presidente, o alcalde de Friol, José A. Santos, en total aprobáronse axudas por un importe de 470.124,84 euros, todas elas destinadas a loitar contra o despoboamento e dinamización de zonas rurais que son dúas dos principais obxectivos deste grupo.

Estas subvencións son do 50% ao 90% a fondo perdido do orzamento total elegible de cada proxecto.

Estas axudas, xestionadas polo GDR, están financiadas nun 75% polo Feader, Fondo Europeo Agra-

rio de Desenvolvemento Rural; un 2,5% polo Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación; e un 2,5% pola Agader.

Na convocatoria 2021-2022 (última ata o momento deste período) dispónse dun orzamento equivalente ao das axudas concedidas, unha cifra totalmente insuficiente para o montante de proxectos solicitados a través de GDR Comarca de Lugo. Os investimentos en dinamización rural desde a creación do GDR4 Comarca de Lugo ascenden a 3.048.179,73 euros.

Con independencia do plan Leader, o GDR4 participa en iniciativas tanto a nivel galego como a nivel estatal, estando adherida á Rede de Normalización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén están involucrados na loita contra a violencia de xénero e este ano organizaron unha serie de actividades formativas coa colaboración de Agacal.

LECTURA DE TAROT



LA GUÍA QUE NECESITAS

PIDE TU CITA
650 90 15 57

Actividades e concursos de Nadal

O Concello de Castroverde ten organizadas varias iniciativas para festexar cos veciños a chegada das festas de decembro

O Concello de Castroverde impulsa uns obradoiros de Nadal para os máis novos da vila.

A actividade está dirixida a nenos e rapaces de entre 3 e 16 anos. Encargaranse de realizar todo tipo de adornos para o Nadal con materiais reciclables.

Este tipo de talleres fomentan o aproveitamento de residuos e impulsa a creatividade. Os obradoiros terán lugar os días 23, 24, 27, 28, 29, 30 e 31 de decembro e os días 3 e 4 de xaneiro cun horario de 10.00 a 14.00 horas. Terán lugar no centro social e o custo por persoa é de 10 euros. A inscrición realizarase nas oficinas do Concello.



CONCURSO DE ESCAPARATES.

O Concello convoca un Concurso de Escaparates de Nadal 2021. O obxectivo principal desta iniciativa é a de potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as festas de Nada, contribuíndo así á mellora da ambientación de Nadal das rúas comerciais. Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais do municipio de Castroverde que teñan escaparate exposto á rúa. Cada establecemento só poderá participar no concurso con un único escaparate.

A decoración dos escaparates mostrarán unha composición ou ambiente propio do Nadal, sendo de total liberdade a técnica e o estilo utilizado. Cada establecemento denominará con un título a decoración do seu escaparate.

Os interesados en participar neste concurso deberán realizar a súa inscrición segundo o formulario nas oficinas do concello como data límite o 15 de decembro. No momento de presentar a súa solicitude de inscrición daráselle un cartel anunciador que o acredita como participante neste concurso e que deberá colocalo nun lugar visible do escaparate.



Tanto este cartel como a decoración do escaparate deberá manterse desde o día 15 de decembro ata o 7 de xaneiro.

Haberá tres premios para os comercios. Sendo o primeiro de 300 euros e un diploma, o segundo 200 e diploma, e o terceiro 100 euros e diploma acreditativo. O nome dos establecementos gañadores publicarase o día 23 de decembro na web do concello así como tamén no facebook.

CONCURSO DE POSTAIS. Tamén convoca un concurso de postais de Nadal que está dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 14 anos alumnos do

CPI de Castroverde. Haberá 11 categorías individuais divididas desde 4º de infantil a 2º de ESO.

Os deseños deberán facerse a man, en papel ou cartolina e de máximo serán un tamaño A4, podendo só presentar un traballo por alumno. Os traballos deberán presentarse como data límite ata o venres 17 de decembro na Secretaría do CPI.

Os nomes dos gañadores do concurso xunto coa imaxe do seu traballo publicaranse na web e no facebook do concello, tamén se avisará a cada gañador por teléfono para que recolla o premio no Concello.

Por cada categoría haberá un premio



sorpresa, que será para os autores dos deseños máis valorados.

MERCADO. O vindeiro domingo 19 de decembro o Concello de Castroverde celebrará o V Mercado de Nadal. O horario será de 11.00 horas a 17.00 horas.

Entre as actividades que se realizarán nesta xornada atópase o sorteo dun polo de currel, haberá un teatriño infantil para os máis pequenos. A Coral de Rábade será a encargada de dar un concerto de panxoliñas. Aproveitarase esta data para a presentación da Tarta de Castroverde. O prego correrá a cargo de Edu Carreira.

Aberto o prazo de inscrición para as escolas deportivas

O Concello de Castroverde mantén aberto o prazo de inscrición para as escolas deportivas municipais 2022 en Castroverde.

As actividades están orientadas a persoas maiores de 16 anos.

Ofertan ximnasia de mantemento que terá lugar os luns e os mércores de 21.00 a 22.00 horas no ximnasio do CPI de Castroverde.

O custo por cada alumno será de 15 euros ao mes e hai establecido un mínimo de alumnos para levar a cabo a actividade, que será de 10 persoas e o máximo será de 25.

As clases serán impartidas por Os Ventos Innovación en Servizos SL. Terá comezo o luns día 3 de xaneiro extendéndose ata finais do mes de maio.



Baile latino e de salón é a outra actividade dirixida para maiores de 16 anos, terá lugar os venres de 21.00 a 22.30 horas no ximnasio do CPI Castroverde e o custo por alumno será de 20 euros ao mes. Para po-

der ofertar esta actividade deberán apuntarse como mínimo 10 persoas e terá como máximo 40 participantes. As clases estarán impartidas por profesionais do Club Deportivo Ritmo Lugo Dance e darán comezo o venres día 7 de xaneiro ata finais de maio.

Os pagos das anteriores actividades deberán domiciliarse e o Concello efectuará o cobro das actividades durante os 10 primeiros días de cada mes na conta que cada alumno indique.

No caso de que algún alumno se quixera dar de baixa nalguna das actividades anteriores, deberá solicitalo antes de que comece o mes no que desexa darse de baixa, de non ser así, deberá efectuar igualmente o pago dese mes.

O PP apoia as queixas dos veciños pola paralización das obras na estrada LU-P 1201

O grupo provincial do PP apoia as queixas dos veciños de Castroverde pola paralización das obras na estrada provincial LU-P 1201, no límite con O Corgo.

“As estradas que dependen da Deputación de Lugo son continúa causa de queixas dos lucenses polo mal estado na que se atopan a maior parte delas”, di o voceiro popular Javier Castiñeira, “en Castroverde, veciños e usuarios expresan as súas queixas pola paralización dos traballos na LU-P 1201, no límite con O Corgo”.

Castiñeira visitou o tramo afectado en compañía do portavoz do PP en Castroverde, Rubén Otero, e sinala que “o grupo provincial do PP quere trasladar as queixas dos veciños de Castroverde pola paralización da obra da estrada provincial LU-P 1201, que une este municipio con O Corgo. Hai un tramo en obras e están para-

das, o que é causa de moitas molestias a todos os usuarios desta vía”.

O portavoz popular indica que “non se entende que os traballos estean parados e creando problemas”. Considera que “é dubidosa a seguridade neste tramo”, dado que provisionalmente é preciso circular por unha calzada moi estreita.

Os populares fanse eco da preocupación dos veciños máis directamente afectados diante da posibilidade de que esta situación se prolongue, porque “co inverno empeorarán as condicións meteorolóxicas, haberá lama e a calzada estará aínda máis perigosa”.

Castiñeira di “reclamamos do goberno provincial que canto antes retome estas obras, das que é responsable, e que cumpra os prazos que tiña establecidos.

portomarín

Aberto o prazo de inscrición para o programa Portomarín Concilia

Xa se poden realizar no Concello de Portomarín as inscricións para o programa Portomarín Concilia.

O obxectivo deste novo servizo para os veciños é o de facilitar a conciliación familiar entre pais, nais e fillos. Conta con diversos tipos de actividades para os nenos e nenas do Concello. Por un lado, están as extraescolares que xa se ofertaron en anos anteriores, a novidade neste, son os horarios, xa que foron pensados para facilitar o acceso das mesmas aos nenos sen ter que vir os pais a buscalos e recollelos entre horas, é dicir, unha vez rematado o horario escolar o neno queda no colexio para realizar a actividade á que está apuntado.

Por outra banda, estréase no concello o Plan Madruga dando servizo aos nenos no Colexio dende ás 7.45 da mañá. Ademais, coa celebración do Nadal, o Concello pon a disposición dos nenos un Campamento dende o 23 de decembro ata o 7 de xaneiro onde poderán facer diferentes actividades, obradoiros e xogos con temática navideña.

Os veciños do Concello poden ins-



Colexio de Portomarín

cribirse a unha actividade, a dúas ou a todas as de este programa.

MADRUGADORES. O Concello de Portomarín pon a disposición das familias un servizo dirixido aos alumnos que precisen asistir ao centro escolar antes do inicio da xornada lectiva debido á incompatibilidade no horario laboral dos seus proxenitores ou titores legais co inicio da xornada lectiva. Este servizo coñécese como Madrugadores.

Este servizo suporá un complemento educativo para os nenos e

nenas participantes, por si se programaragn actividades de carácter lúdico adecuadas as idades dos beneficiarios.

A metodoloxía a empregar será a baseada na metodoloxía TIDI (Talleres Infantís de Desarrollo Integral), na que se busca a educación integral do neno e nena grazas ao traballo das súas diferentes intelixencias a través de temáticas tales como: manualidades, gymkhanas, deportes, teatro, baile, música, medioambiente, novas tecnoloxías, educación emocional, ioga, títeres, etc.

O documental 'Mulleres de Portomarín' xa pode verse en Youtube



O documental *Mulleres de Portomarín* xa está dispoñible na plataforma web de Youtube.

Esta iniciativa promovida pola anpa do CIP Virxe da Luz foi unha das actuacións que se enmarcaron na programación do 25N o Día Internacional da Eliminación da violencia de xénero.

Todas as mulleres do vídeo falan dende a súa experiencia persoal da crianza dos seus fillos, da coresponsabilidade familiar entre nais e pais, da conciliación familiar, da igualdade, da importancia dos valores e da aprendizaxe dende a escola de que todos somos iguais. Este tipo de iniciativas dende ben pequeno promove a igualdade entre home e muller.

O Concello estrea un parque infantil adaptado para os máis pequenos



O novo parque adaptado de Portomarín

O Concello de Portomarín rematou as obras de ampliación no parque infantil que se encontra no interior do parque dos Parabéns. O importe desta nova remodelación é de 47.330 euros. Trátase dunha ampliación da zona infantil pero con xogos adaptados aos máis pequenos.

O Parque dos Parabéns acadou

este nome despois de recibir o Premio Galicia Parabéns no ano 2018 despois de coidar a paisaxe e protexer o seu patrimonio.

Esta remodelación enmárcase no programa de melloras de infraestruturas para os veciños do Concello fomentando o xogo ao aire libre e a relación entre os veciños.

guntín

Entregado o premio Condado de Pallares



Entrega do galardón a Jesús Otero

A localidade de Guntín fixo entrega do premio do XV certame de investigación Condado de Pallares, que nesta edición recaeu no investigador Jesús Otero Pereiras coa obra *As terras de Guntín, Arqueoloxía na Terra de Pallares*,

A obra gañadora está centrada na introdución das novas tecnoloxías a principios do século

XX e a súa repercusión nos xacementos da zona.

Este certame está impulsado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares co fin de promover a investigación nos ámbitos lingüístico, da historia, a arte, a antropoloxía, a etnografía e o folclore no antigo territorio que conformaba o Condado de Pallares.

Recibe unha axuda para os impactos paisaxísticos



Un dos edificios do Concello en mal estado

Guntín é un dos doce concellos lucenses beneficiarios coas axudas para a corrección de impactos paisaxísticos en edificios e equipamentos públicos municipais, un programa pioneiro convocado polo Instituto de Estudos do Territorio (IET) no mes de setembro para avanzar na aposta da Xunta polo fermosismo. Unha vez resolta a convocatoria e notificadas as concesións, 64 municipios galegos recibirán unha ou dúas subvencións ao abeiro deste programa, dotado dun orzamento total de 800.000 euros.

Cómpre subliñar que estas subvencións van dirixidas a concellos de menos de 20.000 habitantes co fin de axudalos a emendar o impacto negativo que causan sobre as súas

contornas tanto edificios e dependencias que acollen servizos municipais —liña A, dotada con 400.000 euros—, como determinado tipo de equipamentos públicos da súa titularidade —liña B, cun orzamento tamén de 400.000 euros—.

O proxecto de Guntín baséase na reforma dunha edificación que se destina a almacén municipal. Vanse acometer obras tanto na cuberta como nos paramentos ao abeiro destas achegas, mellorando a súa estética e funcionalidade.

A axuda que recibirá será de 17.499,98 euros para a reforma dun vello almacén municipal co obxectivo de rehabilitar para eliminar o feísmo, mellorando a súa estética e funcionalidade.

Crean dez novas prazas de atención dual no centro de Castro de Rei



Visita da conselleira ao centro de atención a persoas con trastorno dual

A conselleira de Política Social, Fabiola García salientou nunha visita ao complexo asistencial de Castro de Rei a creación polo Goberno galego de dez novas prazas de atención a persoas con trastorno dual por un importe de 230.000 euros anuais. Esta é a primeira unidade de atención dual, un servizo que atende a persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental, da provincia de Lugo.

Fabiola García subliñou a importancia da creación destas novas prazas, dunha tipoloxía moi específica, xa que requiren de moitos medios técnicos e de persoal altamente cualificado en disciplinas como a psiquiatría, a fisioterapia,

a psicoloxía ou a terapia ocupacional, entre outras.

Neste sentido, destacou que con esta decisión se está a dar resposta a unha demanda no eido da atención á discapacidade. Deste xeito, o investimento achegado polo Goberno galego permite incrementar nun 10% as prazas de atención a persoas con trastorno dual en Galicia ata chegar ás 110.

Ademais, a conselleira de Política Social puxo en valor a colaboración da Administración autonómica con entidades sociais como Fudace e Cruz Vermella, que xestionan este complexo e que traballan a diario na atención a persoas con discapacidade, ademais de ofrecer apoio continuo aos seus familiares.

Invisten 420.000 euros en rematar as beirarrúas de Castro Ribeiras

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitou as obras de renovación de beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea, no municipio de Castro de Rei, en preto dun quilómetro de lonxitude dende o centro -á altura da Praza de Galicia- ata a saída do núcleo urbano en sentido Abadín.

O orzamento de licitación ascende a 419.472 euros e o prazo máximo previsto de execución será de oito meses. As empresas interesadas na execución destes traballos teñen de prazo ata o 27 de decembro para presentar as súas ofertas.

A actuación realizarase na travesía da estrada autonómica LU-113, en concreto entre os puntos quilométricos 5,070 e 6, e vén a completar os traballos realizados o pasado ano no tramo comprendido entre os quilómetros 3,820 -á altura do camposanto, preto de Duarria- e 5,070, cun investimento de 266.500 euros. En total, a Xunta destina 686.000 euros á renovación integral acometida nas dúas fases.

As novas beirarrúas construíranse



Presentación do proxecto das beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea

cunha anchura igual ou superior a 1,80 metros en toda a lonxitude. Regularizarase a superficie e estenderase unha nova capa de zorra e outra de formigón, sobre a que se asentará a baldosa hidráulica antideslizante. Ampliaranse e trasladaranse os sumidoiros ás zonas de ampliación e tamén se mellorarán os accesos aos garaxes, entre outras medidas.

Segundo indicaron dende a Xunta, esta actuación "mellorará a seguridade para os peóns, especialmente nos puntos que se ensanchan

porque presentaban dificultade de paso para as persoas con mobilidade reducida ou carros de bebé, entre outros supostos". Neste sentido, indicou que o tránsito peonil en ambas marxes da travesía é moi intenso porque acolle numerosos servizos, comercios e dotacións, "o que fai necesario proporcionar á poboación estruturas de paso en bo estado, que permitan unha circulación segura, illada dos vehículos, nas axeitadas condicións de accesibilidade, comodidade e estética".

A carreira entre as dúas vilas será en xaneiro

O Concello de Castro de Rei organiza a IV Carreira Popular Concello Castro de Rei. A proba celebrarase o vindeiro domingo 9 de xaneiro, con saída na Casa do Concello e percorrido por vías da Deputación. A meta será no Campo da Feira de Castro Riberas de Lea.

A carreira cumprirá en todo momento coas recomendacións establecidas para eventos e actividades deportivas no contexto da nova normalidade provocada pola covid-19, e en función da evolución da pandemia estará sometida, en todo caso, ao cumprimento das normas de prevención da enfermidade que establezan as autoridades sanitarias en cada momento. Polo que a organización, por causas de forza maior, reservaranse o dereito de realizar os cambios que sexan necesarios.

A saída da proba será no núcleo de Castro de Rei, dende a casa do Concello, e a meta en Castro Riberas de Lea. A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende o Pavillón municipal de Castro Riberas de Lea ata a saída na Casa do Concello.



INSCRICIÓN. A inscrición, que se realiza na web carreirasgalegas.com, pecharase o martes 4 de xaneiro ás 23:59 horas. Haberá unha categoría absoluta cunha distancia de 14,6 quilómetros e despois cinco grupos máis en función da idade que percorreren dende os 0,15 quilómetros dos pitufos ata os 2 quilómetros dos sub 18.

A carreira absoluta terá a súa saída ás 10.30 horas e as outras cinco probas saíran cada cinco minutos, dende os pequenos ás 12.15 ata os sub 18 ás 12.35.

Unha comisión portuguesa visita o polo aeroespacial

Representantes institucionais, empresarios e expertos do sector aeronáutico visitaron, dentro dunha delegación portuguesa, o aeródromo de Rozas, co obxectivo de coñecer as potencialidades do Polo Aeroespacial de Galicia e as diferentes actuacións que se están levando a cabo.

Na visita participaron, entre outros, Antonio Cunha, presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N), e o director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Nuno Almeida. Tamén asistiron representantes de empresas do sector aeronáutico, profesores de enxeñaría das universidades de Minho e Porto, e responsables de centros tecnolóxicos e de investigación.

Desde a posta en marcha do Polo Aeroespacial xa se mobilizou un investimento público-privado de 164 millóns de euros, desenvolvéronse 59 proxectos de I+D coa participación de máis de 50 empresas e centros de coñecemento, contou coa participación de 937 profesionais e creáronse ou aceleráronse 24 novas empresas.



Visita do comité portugués á granxa de Castro

Unha universidade de Portugal estuda a Granxa Gayoso Castro

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, e o deputado de Recursos Sostíbeis, Roberto Fernández Rico, participaron este luns na visita institucional que realizaron á Granxa Gayoso Castro da Deputación de Lugo unha delegación de representantes da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro, de Portugal. Os

asistentes coñeceron as instalacións e o funcionamento da Granxa Experimental de Leite, un centro pioneiro en Galicia que combina formación e investigación universitarias, e na que este curso farán prácticas máis de 500 alumnos do Campus Terra grazas á colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a institución provincial.

rábade

Implantan en Rábade un sistema de control da calidade da auga

O Concello de Rábade vén de poñer en funcionamento os novos sistemas de control e mellora da calidade da auga, que foron executados en colaboración con Aguas de Galicia, e que supuxeron un investimento de 80.000 euros, tanto na estación de abastecemento, como na planta depuradora.

As melloras realizadas neste tempo consistiron na instalación dun sistema de control de calidade e cantidade dos verquidos con diferentes sistemas de alertas, permitindo detectar, en tempo real e dende calquera aparato con conexión a internet, tanto verquidos incontrolados, como volúmenes excesivos,



Supervisión das novas instalacións

tanto de chegada a planta como de saída ó cauce. Así mesmo executáronse melloras na pranta de captación, no

sistema de lavado de filtros, e substituíronse 500 metros de tubaxe realizada en fibrocemento por PVC.

Visitan as Insuas do Miño como un exemplo de reservas da biosfera

O deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, participou este luns no curso formativo que imparte a UNED coa colaboración da Deputación de Lugo sobre a xestión das Reservas da Biosfera. En concreto, asistiu a unha visita guiada ás Insuas do Miño, territorio propiedade da Deputación de Lugo e que forma parte da Reserva Terras do Miño.

Na visita explicáronse os valores da flora e da fauna deste territorio provincial, á vez que gravaron as indicacións para que o alumnado que seguiu a formación online

puídesen disfrutar da actividade. O curso, que se celebra no marco das actividades impulsadas pola institución provincial con motivo do 50 aniversario do programa MaB e que forma parte do programa da UNED Lugo Naturalmente, empezou a semana pasada. A Reserva da Biosfera Terras do Miño e a Custodia do Territorio como ferramenta de conservación de territorios de alto valor ambiental conta con 10 horas lectivas e outorga ao alumnado 0,5 créditos ECTS.

O curso, que pode seguirse nas

modalidades online e presencial, continuará hoxe cun encontro sobre A Custodia do Territorio como ferramenta de conservación das Reservas da Biosfera co representante da Asociación Galega de Custodia do Territorio e presidente da Sociedade Galega de Ornitología, Óscar Rivas López. Tamén haberá un obradoiro onde o alumnado poderá coñecer Exemplos prácticos de Custodia do Territorio nas Reservas da Biosfera lucenses da man de Martiño Cabana Otero, da Asociación Galega de Custodia do Territorio.

Convocado o XV Concurso de Postais Navideñas

O Concello de Rábade convoca o XV Concurso de Postais Navideñas 2021.

Poderán participar no concurso calquera neno ou nena interesado entre 3 e 14 anos en tres categorías. A categoría A comprende os debuxos dos nenos entre 3 e 5 anos, a categoría B de 6 a 9 anos e a categoría C de 10 a 14 anos.

Os debuxos gañadores serán os elixidos coma a Postal Navideña do Concello para felicitar o Nadar a tódolos veciños.

O tema do debuxo será libre, coa necesaria incorporación de referencias ao Nadal. Os concursantes

poderán empregar calquera técnica sobre o material que estimen oportuno (papel, cartón...) en formato A4, sen enmarcar e aportando o orixinal.

O xurado estará integrado por representantes do Concello, do Colexio 'Otero Pedraio' e o IES Río Miño. E valorará principalmente a orixinalidade e a creatividade dos debuxos presentados.

Os premios por categoría serán o 1º premio: un vale de 60 euros, o 2º premio un vale de 40 euros e o 3º premio é un vale de 20 euros. Os vales deberán ser usados no comercio de Rábade.



O fallo do xurado farase público antes do día 10 de decembro.

A data tope para a entrega do debuxo será o 3 de decembro. Poderán entregarse nun sobre cos seguintes datos: nome e apelidos, idade e un teléfono de contacto no colechio Otero Pedraio, no IES Río Miño ou no Departamento de Cultura e Deporte do Concello. Tódolos debuxos recibidos serán expostos no Concello de Rábade no Nadal.

o corgo

O BNG pide o arranxo da ponte de Galiñeiros



A ponte de Galiñeiros

O BNG do Corgo reclamou o arranxo da ponte de Galiñeiros localizado en Arxemil.

Esta infraestrutura presenta un deterioro que obrigou ao Concello a pechalo ao tráfico fai medio ano. O BNG demanda que este elemento sexa apuntalado e se avise do risco de derrubamento. O BNG xa levou a pleno fai máis dun ano este tema, a iniciativa alertaba do perigo que supón este viaducto situado no trazado da Vía Künig.

Trátase dunha pequena ponte dun só arco que cruza o río Cha-

moso, entre Pedrafita e Arxemil. A súa antigüidade remóntase, segundo os estudos preliminares, a épocas romanas, xa que por aquí pasaba unha importante vía de comunicación do Imperio (Vía XIX). Con todo, a ponte áchase moi transformado en épocas medievais e mesmo no mesmo século XX.

Esta ponte conta con moi mala o inexistente sinalización. A ponte permite o paso de vehículos e conta cunha capa de formigón que lle restan o seu valor histórico.

A ITV agrícola estará no Concello en decembro e xaneiro

A unidade móbil da Inspección Técnica de vehículos agrícolas desprazase ao Concello do Corgo nos meses de decembro e xaneiro, en concreto os días 28, 29, 30 de decembro e 3, 4, 5, 7, 10 e 11 de xaneiro.

A unidade prestará servizo no mercado de Adai dende as 09.00 ás 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas o día 28 de decembro.

Tamén se atopará no campo de festa de Laxosa os días 29 e 30 dende as 9.00 ás 13.30 horas e de 15.15 ás 18.00 tan só o día 29 de decembro.

Na explanada do polígono industrial atoparase estará os días 3 e 4 de xaneiro de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas. O día 5 de xaneiro tan só terá horario de mañá.

A explanada cerca da igrexa de Sabarei tamén acollerá este servizo o día 7 de xaneiro de 9.00 a 13.30 horas, e os días 10 e 11 de xaneiro de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18 horas.

As persoas interesadas deben solicitar cita previa chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

MAESTRO IMAN

CHAMÁN AFRICANO

ALTA EXPERIENCIA

Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86



ESCOLAS. O alcalde do Concello de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, fixo entrega dos equipamentos deportivos ao equipo de fútbol sala da Escola Municipal Deportiva de Outeiro de Rei.

Dous lugueses compiten polo premio Artesanía de Galicia

Os obradoiros lugueses de Idoia Cuesta (Outeiro de Rei) e Santiago Besteiro Design (Monterroso) competirán como finalistas polo premio Artesanía de Galicia 2021, a categoría principal deste certame no que tamén se inclúe o Premio Traxectoria e o Premio Bolsa Eloy Gesto.

O obxectivo principal destes galardóns é recoñecer e visibilizar o traballo do sector artesan galego, así como contribuír ao seu desenvolvemento económico, divulgar os oficios artesanais, potenciar a creatividade dos profesionais, incentivar os novos talentos na Artesanía de Galicia.

O obradoiro de Idoia Cuesta, Ces-

tería Contemporánea, presenta a peza con lema Abisal. Trátase dun cesto elaborado con tanza de pesca, un material plástico e translúcido empregado habitualmente para a pesca artesanal, que conforma a peza central dunha colección de cestos máis ampla e baseada na zooloxía mariña.

A peza con lema Candil, do obradoiro de coiro Santiago Besteiro Design, é unha lámpada portátil elaborada en coiro e madeira de pradairo que busca revisar un elemento tradicional da cultura galega como é o candil e achegalo á funcionalidade e ao deseño contemporáneos.

Patrimonio dos Ancares rexistra varios bens patrimoniais

O Colectivo Patrimonio dos Ancares solicitou a Patrimonio da Xunta de Galicia a catalogación de varios bens que teñen documentados no concello de Outeiro de Rei.

Durante unha tala na parroquia de Vicinte localizaron unha mámoa de 14 metros de diámetro e unha altura de 0,70 metros; no centro ten un cráter de violación duns 2 metros de diámetro. Despois da tala de piñeiros plantaron eucaliptos.

Nunha carballeira do lugar de Seivane, na parroquia de Parada, na parte alta dunha pena granítica arredondada, documentaron nove cazoletas, catro de 10 centímetros de diámetro, e cinco de 5 centímetros de diámetro. Tres das coviñas máis grandes están aliñadas. As persoas que as gravaron semella que elixiron esta pedra porque destacaba sobre as restantes da contorna. A pé desta rocha hai outra onde se ve unha pía. Pode tratarse dun altar ritual. De moito interese é un sartego antropoide dobre que localizaron en Gondai, nas inmediacións da igrexa parroquial de San Xoán de Parada. Dos preto de 200 sepulcros antropomorfos que se



Dúas das mámoas documentadas

conservan na provincia de Lugo, só unha media ducia presentan a característica de acoller dous corpos. “Por iso, a pesares da súa rareza, sorprendeunos que estea sen catalogar”, dixeron. Escavado na rocha viva, procurouse un espazo que se axustaba ao tamaño dos cadáveres. A parte escavado mide 1,80 metros de longo, 0,85 metros de ancho na parte dos ombreiros, e 0,66 metros de ancho na parte destinada aos pés; os ocos que acollían as cabezas teñen unhas medidas de 25 por 22 centímetros. Polo interior ten unha altura de 25 centímetros, e polo exterior 30 centímetros. A tampa sepulcral ou

lauda que o cubría desapareceu. “Aínda que a ausencia doutros datos só nos permite facer hipóteses canto á súa cronoloxía, cremos que pode ser de época altomedieval (entre os séculos V e X). De feito, documentos dos anos 747 e 841 (séculos VIII e IX) citan a igrexa de Sancti Joannis de Parata (San Xoán de Parada) que, segundo deixou escrito o etimólogo e sacerdote don Nicandro Ares Vázquez, puído pertencer a un primitivo mosteiro que había nas inmediacións e do que non quedan restos. Tomando como exemplo outros sepulcros dobres, debeu acoller os cadáveres dunha parella”, conclúen.

O Concello constrúe un área para acoller autocaravanas

O Concello de Pol está inmerso na mellora da contorna e dos servizos do municipio por iso súmase aos concellos que neste último ano contan cunha área de autocaravanas xa que este tipo de turismo está totalmente en auge. Esta dotación contará cunha superficie de 2.000 metros cadrados e terá espazo para acoller a unha ducia de vehículos. O número de persoas que viaxan en autocaravana ou furgoneta camper está a medrar de maneira considerable cada ano e ese é un dos motivos fundamentais para que o Concello aposte por ela.

Esta infraestrutura poderase levar a cabo grazas a unha achega do Goberno autonómico de 28.828 euros para dotar a este espazo dos servizos necesarios como son o saneamento, auga e luz.



A zona onde se ubicará a nova área de autocaravanas

CASA DE LAVADA. Por outra banda, o Concello certificou a compra dunha céntrica propiedade en Mosteiro, a Casa da Lavada, por importe de 150.000 euros, que contempla 30.000 metros cadrados de solo (23.000 rústico e 5.600

urbano), propiedade de cinco herdeiros diferentes.

O obxectivo é utilizar estas terras, ubicadas na céntrica Praza de Galicia, para impulsar novos proxectos, como a construción de vivendas sociais en Mosteiro.

Chimchiribote organiza unha aula teatral todos os xoves

A Asociación Cultural Chimchiribote organiza este inverno de novo unha aula teatral no Concello de Pol que xa deu comezo a finais de mes e que terá continuidade ata o verán.

Este obradoiro será os xoves a partir das 18.00 e ata as 21.30 horas na Escoliña de Cirio.

A novidade é que un deles estará aberto a todas as persoas dende os 8 anos, favorecendo o contacto e as relacións interxeracionais. Polo momento hai anotadas 13 persoas pero avanza que se poderá apuntar calquera persoa chamando ao teléfono 679 865 866.

Este colectivo, que leva varios anos traballando en Pol, parou a actividade formativa durante a



pandemia e tivo que esperar ao comezo do novo curso para retomar a actividade teatral, que ten moita aceptación.

COLABORACIÓN

Marchou Darío

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A actualidade é a que manda e condiciona a un á hora de escribir o correspondente artigo. O tema para o último número do xornal Terrachaxá decidiuse o dezasete de novembro, cando nos enteramos dunha nova que sorprendeu a case todos, como foi o pasamento do escritor Darío Xohán Cabana. Nas horas posteriores, moito se dixo del, todo bo, todo merecido, sen ningunha dúbida. E foise demasiado axiña, aínda que nunca adoita ser tarde para esa viaxe definitiva, deixando tocada a Literatura Galega e o conxunto da sociedade luguesa.

Darío naceu na parroquia de Roás. De pais labregos, estes eran republicanos e progresis-

tas, nada menos, toda unha declaración de intencións na Galicia Rural da época e tamén da actual. Na súa casa había máis libros cá na do cura, adoitaba dicir, de aí que o seu amor polas letras xurdise case ó mesmo tempo que empezou a falar. No sangue levaba ese carácter inconformista e loitador, sempre a prol dos seus, cunha defensa a ultranza dos de abaixo, daqueles ós que a sorte non lles era favorable. Comprometido ata o último suspiro co Idioma, coa Cultura e co País, non eludiu responsabilidades e desde moi novo tivo unha militancia política moi significativa, amosando o seu patriotismo galego caracterizado por unha enorme coherencia.

A súa bagaxe como autor durante a súa vida foi enorme; ademais de publicar numerosas obras, cultivando tanto a poesía como a narrativa, algunhas delas con premios literarios importan-



tes, Cabana foi quen de traducir clásicos italianos como A Divina Comedia, de Dante, á lingua galega. Dos seus libros, permítome destacar Galván en Saor (1989), unha novela recreada en Roás –escrito Saor ó revés–, na cal se mistura a fantasía, o amor e a aventura, contado dunha maneira tal que nos transporta a un mundo imaxinario e apaixonante que el foi quen de contar coma ninguén.

Aparte da súa faceta literaria, tan prolifera e merecidamente recoñecida, Darío era un personaxe de doada identificación; non pasaba desapercibido o seu porte e o seu aspecto físico tan propio. Foi un servidor público, acentuando o seu bo facer como empregado do concello de Lugo, onde a súa profesionalidade e dedicación deixaron pegada. El nunca esquecía as súas orixes, volvendo a esa Terra Chá que o

viu nacer, igual que un veciño máis, sempre próximo, humilde e xeneroso.

Como anécdota, sinalar que Darío Xohán Cabana foi o invitado de honra na sesión de graduación na Facultade de Humanidades en dous mil dez, promoción da que un formou parte xunto a un conxunto de estudantes veteranos, os cales fixeramos grupo co resto de alumnos convencionais, loxicamente moito máis novos. Darío no seu discurso loubou esa xuventude que viaxaba, que dominaba idiomas, aventureira, unha xeración moi preparada e que se agardaba moito dela. Pero recalculles a aqueles mozos e mozas que eles e elas non eran máis importantes que unha caixa de supermercado ou que calquera outro empregado. Que nunca esqueceran iso. Palavra de xenio.

El sempre o tivo presente, de principio a fin. Que a Terra lle sexa leve.

Diversa

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nas miñas colaboracións anteriores recomendaba Lugo por ser unha cidade accesible, agradable e comfortable. Características que esta cidade foi adquirindo grazas á eliminación de barreiras físicas, sociomais e persoais. E como foi posible todo isto? Pois ben, na miña humilde opinión, isto foi possibilitado pola conxunción de tres vontades que se produciron na nosa cidade ao longo do tempo. Estas vontades son: -A dun movemento asociativo moi reivindicativo, sobre todo en materia de accesibilidade (no que Auxilia tivo un papel importante). -A dos poderes públicos, sobre todo a nivel municipal, que nas súas distintas lexislaturas realizaron a execución da maioría destas reivindicacións. - E, finalmente, a da sociedade lucense no seu conxunto que aprendeu, co paso do tempo, a integrar na comunidade ao noso colectivo.

Cada 3 de decembro conmemórase o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. E, afortunadamente, en Lugo este evento ten unha especial relevancia polo peso específico que ten o movemento asociativo existente nesta cidade. Movemento que non deixa de ser plural e diverso.

Plural non só tendo en conta as principais categorías de clasificación da Discapacidade (física e orgánica, psíquica e sensorial), senón que, constantemente, aparecen novas discapacidades, moitas veces provocadas pola alta incidencia tanto de accidentes de tráfico como dos cardiovasculares; ou tamén pola aparición de enfermidades raras, moitas delas xenéticas. O que implica necesidades máis específicas que demandan atencións máis diversas.

Diversidade non só nas súas necesidades, senón tamén nas súas capacidades, é dicir, nas formas de facer, de funcionar. De aí que o movemento asociativo reclame na actualidade a denominación de Diversidade Funcional por riba de calquera outra, incluída a de Persoa con Discapacidade.

Dicir Persoas con Diversidade Funcional é referirse a un grupo de persoas que teñen diferentes capacidades, facendo fincapé en que son, somos, CAPACES.

Por suposto, é fundamental que o medio se adapte a esta diversidade e non ao revés. E como? Pois favorecendo a participación social en igualdade de condicións para toda a poboación. E se participa na sociedade sempre que non se atopen atrancos no desenrolo das vidas cotiás. Acceder a un edificio, a un servizo educativo/cultural, a un recurso sanitario, a un espazo de lecer...é falar de Dereitos. Dereitos para todos e todas, sen ningún tipo de exclusión por xénero, etnia, orientación sexual ou idade.

E quero facer fincapé nesta última categoría: na idade. Tanto a crianza como a vellez con diversidade demandan unha maior e mellor protección social, mediante un cumprimento máis estrito dos seus dereitos: a existencia dunha atención temperá e postemperá; ao longo da nenez e mocidade; unha educación inclusiva e normalizadora, non excluínte; unha prestación

residencial encostos que sexan verdadeiros fogares de acollida; un servizo de axuda no fogar personalizado...son aspiracións

lógicas para ter unha vida digna. Que non caian no esquecemento e fagamos de Lugo unha cidade cada vez máis diversa.

ELISARDO BARCALA



DEPORTES

Parón oportuno para volver á normalidade

Por Adrián Fernández

Chega o parón da liga polas xanelas FIBA e a clasificación para o Mundial, e non puido vir en mellor momento.

Despois da merecidísima vitoria contra Gran Canaria no Pazo, saltaba a noticia que menos desexabamos, un positivo por covid no equipo canario obrigaba ao club a facer un cribado no persoal e o corpo técnico.

Por sorte, nun principio, só Bell-Haynes daba positivo, e o persoal podía viaxar a Manresa para disputar o partido da xornada 10 da ACB. E digo nun principio porque ao chegar a Cataluña outro xogador deu mostras de ter síntomas, o cal levou ao equipo a suspender os adestramentos e someterse outra vez ás probas médicas. Nesta ocasión daba positivo Kevin Larsen, e a pesar de que o Breogán pediu á ACB que aprazasen o partido, aínda que só fosen 24 horas, para poder adestrar e normalizar un pouco a situación do equipo, esta, obrigou a cumprir os horarios previstos; ao final derrota por 86-75 pero orgullosos polo esforzo do equipo por tentar competir a pesar do mermos que se atopaban.

Por desgraza a cousa non quedaba aquí e ao chegar a Galicia daban positivo dous xogadores máis. Dza-

nan Musa e Rasid Mahalbasic, o que está vez se, obrigaría a aprazar o partido que se tiña que xogar en casa contra o Joventut, partido que se disputará finalmente o 30 de decembro; debido a esta situación o parón polas seleccións chegaba nun bo momento.

O pasado mércores 24 retomaban os adestramentos con normalidade mentres se ían incorporando todos os xogadores aos poucos, excepto Musa que, despois dun PCR negativo, volvía incorporarse á selección de Bosnia-Herzegovina.

Con todo isto e a pesar dos rumores de que o Burgos tentara facerse cos servizos de Paco Olmos, o importante é que xa se volveu á normalidade e pódese preparar en boas condicións o que queda de ano 2021, esperemos que non se resinta o equipo e poidan volver estar ao nivel ao que estaban antes desta situación.

Fóra xa do ámbito deportivo, destacar a convocatoria da Xunta Xeral de Accionistas para o día 22 de decembro e a presentación da Fundación Breogán, con Salva Arco como xerente e Narciso Fernández como presidente do padroado, un proxecto social co cal o Breogán pretende devolver á sociedade todo o apoio recibido.

A XVIII Carreira Popular Lugo Monumental abre as inscricións

Abre o prazo de inscrición XVIII edición da Carreira Popular Lugo Monumental – Gran Premio CaixaBank ata o 13 de decembro.

Con motivo dos protocolos covid, a organización distribuirá os espazos convenientemente nunha zona próxima á saída e informará das quendas de saída, así como dos horarios na páxina web.

A carreira, estará limitada a 1.500 adultos e toda a información do evento estará dispoñible na páxina web: www.10klugomonumental.com.

Todas as persoas interesadas poden anotarse, a través da páxina web. A saída para adultos terá lugar as 11:00h na avenida de Ramón Ferreiro, a carón da Praza Horta do Seminario cunha distancia aproximada de 10 km.

A día de hoxe e cos protocolos actuais, a previsión que ten a organiza-



ción para poder participar na proba é a da obrigatoriedade da presentación do pasaporte Covid-19, e só, se a situación da pandemia empeora e as autoridades sanitarias así o esixen, se pedirá un test de antixenos ou PCR válido nas 72h anteriores á proba, tal e como figura no regulamento da carreira.

Nadela réndese á billarda

Os Troitas Bravas fixeron súa a xornada do Aberto do Miño de Lugo

No campo municipal de Nadela, en Lugo, déronse cita 75 palanadores para a disputa do X trofeo Cidade de Lugo de billarda, agora coñecido como o Aberto do Miño.

Madia Leva, equipo organizador, axeitou catro campos que presentaban abondosas calveiras de céspede nalgún deles. Mañá desaxelada e fría que a multicolor serpe da LNB soupo quentar co voo das billardas surcando o grisáceo ceo. Finalmente o sol fíxose presente querendo saudar antes de rematar a xornada.

No deportivo, os Troitas Bravas da Pontenova nadaron ben e gañaron a xornada seguidos de Carabullo de Ponte de Outeiro e Chainzos-Cadaval de Castro de Rei.

Tamén os Troitas acadaron o primeiro e segundo posto no podio. David Navallo foi o campión e Regueiro segundo despois de superar no desempate a Daniel de Billardeiros Musicais.



Un dos participantes na edición de Nadela

En donas gañou Paula de Chainzos-Cadaval, segunda Aroa de Billardeiros Musicais e terceira Ana do Madia Leva. En infantís, de novo gañou Aroa que deixou uns cantos golpes de verdadeira campioa.

Cabe subliñar as altas puntuación acadadas por un bo número de palanadores que se achegaron ou mesmo superaron os vinte puntos na xornada o que fixo enormemen-

te complicado e competido chegar ao podio. O campión fixo 24 de 25 puntos posibles, o segundo e terceiro fixeron ámbolos dous 23 puntos e logo un ronsel de palanadores con 22, 21 e 20 puntos.

Cerrouse a xornada coa entrega dos agasallos por parte do equipo anfitrión e con medallas conmemorativas para todos os infantís participantes, rematando cun xantar conxunto.

Lugo, escenario do Futsal Women's European

Tras a autorización da RFEF, o Futsal Women's European Champions tamén terá o selo UEFA. A cita internacional, que reunirá as campioas das mellores ligas europeas en Lugo a principios de decembro, acaba de recibir o permiso deportivo da UEFA. España, Rusia, Croacia, Portugal, Ucraína e Italia estarán representados no Pazo dos Deportes da cidade amurallada entre os días 2 e 5 de decembro. No Grupo I estarán Pes-

cados Rubén Burela FS, o ruso MFC Normannochka e o croata Osijek. O Grupo 2 estará composto polo portugués Benfica, o ucraíno Tesla e o italiano Pescara.

Os partidos xogaranse o xoves 2 de decembro ás 17.30 horas o Benfica SL-WFC Tesla e ás 20.00 horas o Pescados Rubén Burela-Osijek. O venres 3 serán ás 17.30 horas o WFC Tesla-Pescara Femminile e ás 20.00 horas o Osijek-MFC Normannochka.

GRUPO I		GRUPO 2	
BENFICA SL	WFC TESLA	MFC TESLA	WFC TESLA
PESCADOS RUBÉN BURELA FS	WFC TESLA	ZNA DUBRA	ZNA DUBRA
MFC TESLA	FUTSAL PESCARA FEMMINILE	FUTSAL PESCARA FEMMINILE	FUTSAL PESCARA FEMMINILE
ZNA DUBRA	MFC NORMANNOCHKA	MFC NORMANNOCHKA	MFC NORMANNOCHKA
FUTSAL PESCARA FEMMINILE	MFC NORMANNOCHKA	PESCADOS RUBÉN BURELA FS	PESCADOS RUBÉN BURELA FS
MFC NORMANNOCHKA	MFC NORMANNOCHKA	MFC NORMANNOCHKA	MFC NORMANNOCHKA
SARAJEVO GRUPO A	MFC NORMANNOCHKA	SARAJEVO GRUPO B	SARAJEVO GRUPO B

Xa o sábado 4 de decembro ás 16.15 horas xogárase o Pescara Femminile-Benfica SL e ás 18.30 horas será a quenda do MFC Normannochka-Pescados Rubén Burela FS. O domingo 5 ás 12.30 horas será a final.

Darán formación deportiva nas instalacións municipais

O Concello mobilizará un total de 1.171.222 euros para impartir formación e actividades deportivas nas instalacións municipais o próximo ano.

O prego, renovado a principios de mandato, incluía, entre outras melloras a ampliación do horario das piscinas cubertas de Frigsa que abren as súas portas ás 7 da mañá. E no caso das Pedreiras, as instalacións non pechan tampouco ao mediodía en días laborais e poden empregarse tamén os domingos

pola mañá.

Aspectos, todos eles, que segundo indicou o edil "teñen en conta as necesidades e demandas das e dos usuarios dos centros deportivos da capital, co obxecto de poder ofrecerlles un servizo máis eficaz". "A prestación experimentou melloras relacionadas co mantemento, a limpeza e a conservación das dependencias, na atención ao público e mesmo no seguimento das queixas e suxestións realizadas", indicaron dende o Concello.

Curso de esquimotaxe do Cidade de Lugo

O Club Piragüismo Cidade de Lugo organiza o primeiro curso de esquimotaxe da tempada e terá lugar o día 5 de decembro na piscina olímpica de Lieiro en Cervo.

Os seguintes cursos serán o 16 de xaneiro e o 20 de febreiro de 2022 e cada un será de 6 horas, 3 horas pola mañá e 3 pola tarde.

Como requisitos informan que é imprescindible saber nadar 50 metros, levar bañador, gorro de piscina, camiseta, chanclas e toalla. Avaliarase o nivel dos participantes ao principio da actividades xa que se desenvolverá en grupos reducidos.

“O traballo cos pequenos vai máis aló do deportivo”

Bibi Bouza é a presidenta do club Emevé de voleibol, que ten case 40 anos de vida, e unha das fillas do socio fundador



Os xogadores e adestradores do Club Emevé nunha foto de familia

O club naceu extra-oficialmente no ano 1981 e non foi ata o ano 1983 cando se crearon os estatutos e se fixo a inscrición no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Foron os integrantes da familia Bouza, unha coñecida familia lucense, os que puxeron en pé este proxecto. O pai de familia foi o que deu a idea e dende a súa creación o club sempre estivo en mans dalgún membro da mesma, estando implicados ao 100% no crecemento e mellora dos equipos. A idea xurdiu despois dunha fusión entre a xente que xogaba a este deporte na cidade de Lugo.

Nos seus inicios, o club era integralmente feminino xa que a presenza do voleibol masculino corría a cargo do Muralla Lugo. Tras un tempo, houbo un entendemento e crearon un club máis grande onde se atopaban as categorías femininas e masculinas.

O nome fai referencia a *El Mejor Equipo de Voley de España*. Un soño que se fixo realidade no ano 2005 cando o equipo infantil feminino se proclamou campión de España.

O máis característico deste club é que a maior parte dos xogadores e xogadoras son da casa. Normalmente chegan da canteira polo que á hora de competir e formar equipo teñen máis facilidade e complicidade debido a que levan toda a vida xuntos. No club destacan a impor-

tancia de traballar o deporte base para formar xogadores xa que resulta complicado conseguir que veñan a Lugo de fóra. Polo que o compromiso e o equipo é fundamental para chegar ao punto no que se encontra actualmente o club.

A día de hoxe o Emevé conta con arredor de 350 persoas e cerca de 40 equipos tendo representación en todas as categorías inferiores. Tamén contan con equipos en categorías nacionais.

Falamos coa súa presidenta, Bibi Bouza, unha das fillas do fundador.

Como evolucionou o club dende a súa creación?

En case 40 anos de vida a evolución foi constante, con moitos altibaixos ata consolidarse pero seguimos traballando e mellorando.

Como sobrevive un club con equipos en todas as categorías?

Con moito traballo e moita organización, buscando as sinerxias entre os adestradores. Escoitando todas as achegas que se fan e intentando seguir unha liña de actuación, non necesariamente a liña recta, porque moitas veces hai que dar marcha atrás ou dar voltas.

Cal é o segredo para chegar a ter presenza en todas as ligas?

Traballo, disciplina, máis traballo e

rodearse de todos aqueles e aquelas que queiran achegar algo positivo.

Cantos títulos e logros ten o club?

Bastante pero non suficientes: varios campionatos de España

A que se debe a gran presenza deste deporte en Lugo tendo en conta que é un deporte minoritario?

Creo que en Lugo funciona moi ben o boca a boca e o traballo que facemos cós máis pequenos vai chegando máis aló do que é o ámbito deportivo. O voleibol vaixe coñecendo cada vez máis e en Lugo empézase a falar da “marea vermella do Emevé”.

De que están máis orgullosos?

Do traballo de canteira, da cantidade de nenos e nenas que están vinculados a este deporte; da implicación de moita xente pero, sobre todo, de todo/as os que fan as cousas de xeito altruista, é algo que hoxe en día está desaparecendo en case todos os ámbitos da sociedade e nós temos a fortuna de poder contar con grupo de persoas que traballamos por amor á arte neste caso, por amor ao Emevé e a o Voleibol.

Que é o que máis se traballa?

A formación deportiva, sen dúbida. Esta ten que ir unida á fomentar valores como son o respecto polo traballo propio e o de os demais, a

disciplina, o orden na vida, a puntualidade, a competir, a gañar, perder e aceptar as derrotas con elegancia.

A que se debe o éxito do Emevé?

Principalmente aos adestradores, son de Lugo, formados en Lugo ou están lugolizados e senten as cores do Emevé porque, dende o equipo de xestión queremos que así sexa: nos xestionamos dende a directiva pero eles son quen levan a cabo toda a labor formativa.

Que destacaría do voleibol como deporte?

Que non hai contacto físico. É un deporte moi técnico que necesita de moitas horas de adestramento para xogar a bon nivel e aí radica a dedicación do/as xogadores/as, a continuidade e o tesón, que se traduce en: orden, disciplina e continuidade.

Que destaca do club?

Somos un club en forma de pirámide: a base creo que, a día de hoxe, é moi sólida e pódese crecer cara arriba porque os cimentos son firmes. Houbo épocas moi duras e moi tristes e o club seguiu adiante.

Como afectou a pandemia ao club e aos seus xogadores?

Os equipos de superliga tiveron a sorte de poder seguir coa competición, non houbo contaxios e as res-

tricións afectaron e bastante pero fomos quen de saír adiante. En tanto ás categorías de base, puidemos seguir adestrando, non como equipo pero sí a nivel individual. Os adestradores fixeron un traballo encomiable para poder seguir adiante.

Xa se volveu á normalidade?

Mais ou menos sí pero os nosos equipos son conscientes que temos que ser moi coidadosos porque isto non acabou aínda.

Que obxectivos ten actualmente o club e que plans de futuro ten?

Pois seguir crecendo na medida en que poidamos, para a tempada que ven nos gustaría ter dous equipos máis na terceira división infantil e cadete pero, está por ver si somos capaces.

Logros que faltan por acadar? Algunha meta ou soño por cumprir?

Falta moito por acadar pero, como soño: ser campioas e campións da Copa da Raíña e do Rei.

Que valoración fai do club?

Unha valoración moi positiva. Nestes últimos anos o club deu un gran salto de calidade, fixemos unha aposta moi forte polos equipos de Superliga e, de momento, está saíndo ben porque está a repercutir nos equipos da base que é o máis importante.

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Santa Eulalia de Bóveda, o santuario da auga

Fai case 100 anos que se descubriu o Santuario de Santa Eulalia de Bóveda tras pasar séculos enterrado. Descubriuse en 1926 e no ano 1931 declarouse Monumento Artístico Nacional. Hoxe califícase coma Ben de Interese Cultural.

O santuario de Santa Eulalia de Bóveda, que data de época romana, é un caso de interese para o estudo da transcendencia cultural da auga en territorio galego. Sitúase na pequena localidade lucense de Santalla Bóveda de Mera, a escasos 15 quilómetros da capital da provincia.

Trátase dun recinto de forma rectangular con aspecto de cripta ao que se accede atravesando un pequeno pórtico con porta de ferradura. O primeiro que chama a atención do edificio descuberto é que está orientado de forma oposta á habitual nas igrexas almedievais. Está formado por unha nave cadrada, duns 6,5 m de lado, solada de alabastro cunha piscina no centro, que ten no seu extremo occidental a modo de ábside, un nicho cuadrangular de 2,89 m de ancho por 1,47 m



A sala principal do santuario de Santa Eulalia de Bóveda

de profundidade e no lado oposto a entrada cun nártex rectangular da mesma lonxitude que a nave e 1,47 m de profundidade. Conta con dúas columnas que soportaban tres arcos, que a día de hoxe están desaparecidos, de maior anchura central. O interior

do edificio foi modificado posteriormente e reorganizado en sentido lonxitudinal como basílica de tres naves ao engadir dúas filas de tres arcos. Nesa remodelación cubriuse a piscina.

O edificio toma como centro de atención a auga xa que tanto a súa


contorna, chea de pequenos regatos, fontes e mananciais como o seu interior, indica que este é o elemento máis importante e salientable do conxunto arquitectónico. Baixo o seu pavimento actual sitúase un amplo armazón de canalizacións pétreas que percorren

o interior do edificio ata chegar ao exterior do mesmo. Ademais, o característico do interior do Monasterio de culto é a piscina que ocupa o lugar central da estancia principal, este estanque mantíñase co mesmo nivel de auga constantemente grazas ao devandito sistema de canalización.

Os frescos do interior de Santa Eulalia de Bóveda fan referencia a aves, vexetais e froitos moi relacionados coa auga facendo especial fincapé na importancia do líquido neste espazo.

Grazas aos estudos realizados da auga do lugar, pódese saber que se caracterizaba polas súas propiedades salutíferas fronte enfermidades coma reuma, podagra e quiragra. Ademais, nos relevos que ornamentan o edificio salientan as imaxes que representan os rituais que se facían no estanque relacionados coa fertilidade. Esta característica é común a outras edificacións galegas como Santa María da Lanzada.

Hoxe en día, este edificio conta con múltiples problemas de humidade debido a que está bastante soterrado e ten con moitas filtracións.



Diferentes detalles deste Monumento Artístico Nacional e Ben de Interese Cultural

Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas

Próximo curso de CAP INICIAL
Camión y autobus
Enero 2022 - ¡INFÓRMATE!



AVECUS
Río Narla, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es